



ROCHA FORTE

Detédevos aí un instante. Non vos din nada esas ameas derrubadas, esas oxivas fendidas, esas torres dismanteladas? Escoitade os cantos monótonose fúnebres daquelas aves feras, de ollar terrible, e os lánquidos laios do vento da tarde ao bater contra as irregulares masas de granito. Nada sacades desa harmonía tristísima e penetrante, vosoutros, poetas, historiadores e arqueólogos, naturalistas das ruínas? Ai! O poeta escoita unha epopea de amor e sangue; o historiador unha crónica de verdugos e de mártires, a historia do feudalismo; e o arqueólogo, máis materialista, pero menos anatómico cós outros, le neses cascallos o que pode aplicárselle a todo o creado: ‘foi’...

Bieito Vicetto. Los hidalgos de Monforte (2004[1851]: 36–7).

A fortaleza da Rocha Forte foi, ao longo dos dous derradeiros séculos da Idade Media, unha das grandes referencias do extraordinario poder militar dos arcebispos composteláns, feito que explica que fora completamente arrasada durante a grande revolta irmandiña, que se inicia en Galicia na primavera de 1467 e que remataría por converter os seus restos nunha fácil e xenerosa canteira para as edificacións do entorno. Deste xeito, o que nos ten chegado é un xacemento moi crebado, un pálido reflexo só do que sen dúbida foi; mais, a pesar de todo, algo que debemos recoñecer como singularmente importante e representativo da historia de Santiago.

Como foi posto de relevo en numerosas ocasións, desde esta fortaleza e pazo arcebispal controlábanse algunhas das vías de acceso á cidade, tal como as que proviñan dos peiraos de Noia e Padrón. No seu interior, producíronse non poucos acontecementos de importancia na historia compostelán xa desde os axitados tempos de frei Berenguel de Landeira; un deles, de obrigada lembranza, é a execución en setembro de 1320 de Alonso Suárez de Deza e doutros once líderes da revolta cidadán contra aquel prelado. Toda a Rocha debe ser explicada a partir da súa situación estratéxica, evidente só se se considera a súa proximidade á confluencia dos ríos Sarela e Sar, cuxos cursos circundan a cidade, por máis que as escavacións non desen identificado asentamentos anteriores á súa construción primitiva, debida probablemente ao arcebispo Xoán Arias entre os anos 1258 e 1266.

O Concello de Santiago acertou ao tomar conciencia da potencial importancia deste antigo enclave, despois de máis de cinco séculos de esquecemento acumulado. Abonda con lembrar aquí, a xeito de ilustración, que en agosto de 2011 tiven coñecemento de que Olga Pedreira, a miña antecesora á fronte da concellaría do Casco Histórico, cursara ao Ministerio de Cultura a solicitude dunha subvención por importe dun millón de euros, a fin de dar merecida continuidade ás primeiras intervencións arqueolóxicas executadas sobre este xacemento. Desde o primeiro momento fun consciente da relevancia e envergadura da iniciativa, pois pareceume que permitiría poñer en valor un recoñecido referente histórico de Compostela e, pola súa proximidade aos coñecidos castro e petróglifos de Conxo, contribuír máis e mellor ao necesario desenvolvemento deste barrio. Consecuentemente, desde aquel momento un

dos meus maiores propósitos foi retomar as negociacións co Ministerio, que frutificaron finalmente nos últimos meses de 2012, o que permitiu poñer en marcha de seguido a presente campaña arqueolóxica, centrada naturalmente na escavación e estudo do xacemento, pero tamén na conseguinte “posta en valor” a través de iniciativas de diversa natureza. Entre elas figura, en particular, a edición desta publicación, ademais do acondicionamento do contorno –incluído o interior dos restos agora emerxentes– e o programa de visitas guiadas que está previsto iniciar no vindeiro ano. A miña vontade é que estas actuacións, que non son as únicas pero si as de maior envergadura que foron levadas a cabo sobre os restos da fortaleza, poidan ter continuidade e servir de pauta, ao propio tempo, para futuras intervencións sobre outros xacementos do noso termo municipal, igualmente merecedores de atención.

Non quero rematar estas breves liñas sen deixar constancia do debido recoñecemento ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Persoalmente, desexo expresar tamén á Asociación Cultural A Rocha e ao seu propio presidente, Carlos Delgado, cuxo entusiasmo e permanente colaboración non podo menos que resaltar; outro tanto cómpre dicir respecto dos diferentes veciños que permitiron a ocupación das súas fincas durante os traballos de escavación. Gustaríame mencionar a total colaboración da Dirección Xeral da Xunta de Galicia así como dos arquivos e bibliotecas que cooperaron e, xunto a uns e outros, coido xusto recoñecer tamén a dedicación e esforzo dos propios funcionarios do Concello de Santiago de Compostela implicados neste proxecto e moi especialmente aos do seu Departamento de Arqueoloxía, pois a súa dedicación resultou absolutamente determinante.

A suma destes e outros moitos esforzos, inquedanzas e ilusións, que hoxe se materializan na nova imaxe do magnífico xacemento da Rocha, aparecen oportunamente reflectidos e contextualizados en cada unha das páxinas desta publicación. Por iso, coa satisfacción do deber cumprido, non dubido en brindárllela e ofrecérllela agora a todos os interesados.

María Pardo Valdés
Concelleira Delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible
Concello de Santiago de Compostela



O texto deste libro, ademais de moita máis información sobre personaxes, episodios, zonas do castelo, mapas e todos os obxectos achados nas escavacións poden consultarse en <http://www.rochaforte.info>

Os contidos deste libro publícanse cunha **licenza Creative Commons (CC-by) con recoñecemento**. Podes copialos e reproducilos onde queiras, sempre que cites a súa procedencia. Algúns materiais gráficos, porén, teñen licenzas máis restrinxidas, que se sinalan en particular para cada un deles.

Edita

Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación. Concellaría de Desenvolvemento Urbano e Sostible. Concello de Santiago. Praza de Cervantes, 5. Santiago de Compostela. www.santiagodecompostela.org

Coordinación na OCiHR

Dolores Cerqueiro Landín

Coordinador do Proxecto para o estudo, recuperación e posta en valor da fortaleza da Rocha Forte

Mario César Vila

Contidos

José Suárez Otero, Xurxo Ayán Vila e Carlos Marín Suárez

Deseño e maquetación

ANS Cenlitros UTE, formada polas empresas A navalla suíza e cenlitrosmetrocastrado

Colaboración

Estudo de documentación histórica

María del Pilar Rodríguez e Mercedes Vázquez Bertomeu (DeHistoria. Cultura. Historia. Patrimonio, S.L.)

Escavación arqueolóxica, restauración e estudo do xacemento

Eiriña, S.L. empresa constructora, coa colaboración de A Citania Arqueoloxía, S.L. e BIC Materiales y Conservación, S.L.L.

Dirección arqueolóxica

María José Bóveda Fernández

Tradución ao castelán

ANS Cenlitros UTE

Impresión

Plana Artes Graficas, S.L.

ÍNDICE

A Rocha Forte. Unha paisaxe ausente	7
Unha paisaxe arqueolóxica	11
A forma	13
Santiago, ano 1300	14
A máis grande e máis forte fortaleza de todo o Reino de Galicia	16
As orixes do castelo	20
O castelo concéntrico	22
A torre da homenaxe	24
Fortificacións externas	27
A capela	28
O celeiro	29
Outras construcións	29
A función	33
A Rocha como campo de batalla	33
A Rocha como escenografía do poder	40
A relación coa Catedral de Santiago	42
A Rocha, o mar e o comercio	45
A vida cotiá a través dos obxectos	48
A bolsa e a vida	49
Xente e obxectos	53
Entre a cociña e a mesa: A louza	53
Na mesa do señor: As vaixelas de luxo	54
Os señores e os cabaleiros	56
Soldados, artesáns e labregos	58
As mulleres na Rocha Forte	60
A crise	61
Textos en castelán	67
Textos en inglés	85



Xacemento do castelo da Rocha Forte (no centro da imaxe), ortofoto, 2011.© Instituto de Estudos do Territorio,Xunta de Galicia.

A ROCHA FORTE. UNHA PAISAXE AUSENTE

No devalar histórico de Santiago de Compostela existen baldeiros e ausencias sobranceiras, lugares esquecidos, degoldrados sobre as lindeiras da Historia. Este libro tenta recuperar para a cidade unha destas paisaxes ausentes: o castelo da Rocha Forte. Durante dous séculos, entre mediados do s. XIII e mediados do s. XV, Compostela contou cunha monumental fortaleza, a máis grande do Reino de Galicia e unha das máis espectaculares da Península. Edificación imponente, residencia arcebispal, baluarte inexpugnable, auténtica cidade fortificada... A Rocha Forte foi moitas cousas, pero ante todo foi o espazo neuráxico da loita polo poder na Baixa Idade Media entre o concello compostelán e os arcebispos.

E A Rocha Forte é a metáfora material dun proceso histórico marcado pola violencia, o conflito e a morte. As súas paredes viviron asasinatos políticos e guerras de asedio e, malia ser un Titanic medieval que se cría eterno, a fortaleza foi reducida a cinzas en 1466–67. A destrución provocada polos Irmandiños e o posterior expolio sistemático dos seus restos borraron o castelo literalmente da face da terra.

E Sirva de exemplo esta anécdota. En maio de 1617, Gaspar de Arze e Francisco Gómez Araújo, mestres canteiros, e Xoán Varela e Afonso de Beade, mestres de carpintería, visitaron A Rocha para tomar, sobre o terreo, datos que xustificasen unha reconstrución da finada fortaleza:

E ao vela acharon tan só uns alicerces á par da terra, aínda afundi-dos nela nalgunhas partes, cubertos de pólas, herba e monte, tanto que non se albisca nin se deixa ver por onde ían as paredes da que chamaban a torre. E segundo está o chan, hai moitos anos que alí non hai torre, e non poden declarar o seu valor nin dano nin que se- xa útil facela de novo, do xeito que está, para cousa ningunha.

E O castelo da Rocha Forte non tivo sorte. Durante séculos, os labregos reutilizaron pedras da vella fortaleza e arrimaron contra os derrubos da muralla os valados das leiras. A brétema dun pasado esquecido envol-

veu de lendas e misterio un lugar arredado da cidade, un espazo traumático e incómodo na historia contemporánea de Compostela.

E No século XIX a burguesía intelectual reivindicou as ruínas, mais, paradoxalmente, ao mesmo tempo esa mesma burguesía contribuíu á súa destrución. A chegada do Romanticismo e a irrupción do movemento provincialista facía dos castelos medievais a ambientación perfecta para apaixonadas historias de amor e traizón. Pero asemade o lobby mercantil e liberal compostelán e coruñés pouco quería saber do pasado feudal do Antigo Réxime e devecía polo progreso e a modernidade. A desamortización e o desenvolvemento urbanístico materializaron un desleixo que derrubou murallas, igrexas e fortalezas. O castelo da Rocha era un fósil do pasado que cumpría superar. Deste xeito, os burgueses que lían as novelas románticas de cabaleiros e doncelas foron os mesmos que fixeron pasar a vía do tren por riba dos restos da Rocha Forte.

E As primeiras voces a prol da necesidade de protexer o patrimonio histórico xorden en Compostela no último terzo do s. XIX. En 1879 o estado decide consolidar unha rede museística. Para iso solicita un informe á Real Academia de San Fernando, institución que elixe como sedes dos museos a Granada, Valladolid, Sevilla e Barcelona, localidades que lograron durante a Idade Media, época en que se elaboran e constitúen a nacionalidade e a cultura españolas, maior consideración e poderío. A reacción do rexionalismo galego non se fixo agardar e a Sociedad Económica de Amigos del País encargoulle (1887) ao arquivista Villaamil Castro un contrainforme para propoñer un Museo Arqueolóxico en Compostela, angueira esta aínda non cumprida en 2013. No seu informe, Villaamil denuncia o expolio sistemático da riqueza arqueolóxica do país:

Ilustración de Don Suero de Toledo. Leyenda Histórica del siglo XIV. O xornalista Antonio Neira de Mosquera situou na Rocha algunhas das súas lendas e noveliñas románticas.



Unha triste certeza foi o maior froito que obtiven da miña detida excursión polas catro provincias galegas: a de que a comarca foi moi explotada polos axentes dos almacenistas de antigüida-

des, e, por conseguinte, que grande e boa parte da riqueza arqueolóxica de Galicia, restos do seu pasado esplendor (...), saíu das terras galegas, e probablemente das españolas, para arrequentar as tendas dos comerciantes e as coleccións dos anticuarios.

E O alegato de Villaamil, curiosamente impreso no Colexio Nacional de Xordos e Mudos de Madrid, ninguén o sentiu en Galicia. Así e todo, a comisión creada para o efecto aconsellou facer escavacións na Rocha Forte e mesmo recolleron dous pelouros, que se empregaran como proxectís de pedra, para ese futuro museo arqueolóxico.

E Na mesma liña, o tamén arquivista Bernardo Barreiro sinalaba en 1886 o potencial interese de facer exploracións arqueolóxicas nesas ruínas cubertas de vexetación que atraían a atención dos viaxeiros que viñan de Carril a Santiago. Barreiro denunciaba que a obra do camiño de ferro abría túneles e gabias ata fender en dúas o recollido bosque dun mosteiro.

E O castelo da Rocha entra no s. XX silandeiro e agochado. Este carácter marxinal do lugar explica que ás veces sexa gorida para xoias roubadas, lugar de asasinato de republicanos (O Nécoras, a man de falanxistas) ou de refuxio dos fuxidos da represión franquista. Os turistas dos cruceiros que ancoraban en Galicia e os estudantes en viaxe de estudos durante a preguerra visitaban outro tipo de monumentos. A Rocha Forte non aparecía nin sequera mencionada nas primeiras guías turísticas de Compostela. Nin Filgueira Valverde en 1934 nin Otero Pe-
drayo en 1943 citan a fortaleza, quizais levados do seu tradicionalismo católico ante o que fora o símbolo das revoltas medievais do concello compostelán contra a Igrexa.



Exploraciones arqueológicas en el castillo de la Rocha, por Bernardo Barreiro de Vázquez Varela, en Gaceta de Galicia: Diario de Santiago, 11-8-1886.



Fotografía aérea do estado do xacemento en novembro de 2013.

UNHA PAISAXE ARQUEOLÓXICA

Dende o s. XIX o castelo da Rocha foi sometido a un expolio sistemático e os buscadores de tesouros deixaron pegada nas vellas ruínas. De feito, nas recentes escavacións apareceron algúns obxectos de época contemporánea, como un colgante de San Bieito co lema vade retro Satanás.

E Mais tamén houbo eruditos que lle prestaron atención ao castelo. O crego xesuíta Celestino García Romero escribiu en 1920: [A ponte da Amañecida], acaso destruída por unha riada ou outro análogo accidente, algún dos nosos arcebispos ampliouna e repúxoala para comunicar coa cidade o castelo da Rocha que alí preto se erguía e do que xa só cascallo queda. Alí recollín hai anos anacos de tella con debuxos.

E A arqueoloxía científica fixo a súa aparición na Rocha na década de 1930. Mais non se centrou no castelo, senón noutro ben patrimonial totalmente diferente: o petróglifo do Castriño de Conxo, atopado e rexistrado en 1935 por Ramón Sobrino e mailo fillo. Este petróglifo foi obxecto do primeiro calco mediante molde inverso realizado en Galicia, que se conserva no Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento.


E Dende aquela a arqueoloxía volveu desaparecer, mentres seguían os ataques patrimoniais contra a vella fortaleza. En 1962 a eléctrica FENOSA instalou unha torre de alta tensión no medio e medio das ruínas. Segundo El Pueblo Gallego os operarios que alicerzaban a estrutura descubriran un auténtico tesouro soterrado, unha escalinata abovedada e un pasadizo subterráneo, a catro metros de profundidade.



Anverso (d) e reverso (e) de medalla de San Bieito coa inscrición V. R. S. N. S. M. V. S. M. Q. L. I. V. B. Vade retro satana; nunquam suade mihi vana. Sunt mala quae libas; ipse venena bibas (arrédate, Satanás; nunca me aconselles vaidades, o que bebes é o mal: bebe ti mesmo os teus velenos), empregada en exorcismos e depositada con posterioridade á destrución da fortaleza.

E Habería que agardar ao s. XXI para reverter o abandono da Rocha Forte. A asociación veciñal turrou para que as institucións iniciasen a recuperación e posta en valor das ruínas do castelo. O primeiro paso foi a publicación dun excelente libro por parte dun equipo de medievistas da Universidade de Santiago de Compostela. O seguinte chanzo foron sucesivas campañas de escavación arqueolóxica, dende o ano 2002, grazas a un convenio entre a USC e o Concello, financiadas polo Consorcio da Cidade. Agora, nesta nova fase iniciada en 2013, a ciencia, a administración e a comunidade local conseguiron que esta paisaxe ausente da Rocha Forte fose unha presenza ao servizo da cidadanía que quere coñecer o seu pasado.

Abaixo, petróglifo do castriño de Conxo en 1935(© R.Sobrino) e escáner 3D (Patricia Mañana, INCIPIT, CSIC).



A FORMA



Pelouros de catapulta.

A historia contrafactual consiste en imaxinar supostas realidades do pasado que non tiveron lugar. Imaxínade pois, contrafactualmente, que o tremor de terra de Lisboa de 1755 destrúise para sempre a catedral de Santiago. Agás algún gravado ou plano arquitectónico que se conservase, só quedaría a memoria viva da xente para reconstruír a fasquía do templo.

E Isto foi exactamente o que aconteceu co castelo da Rocha Forte. Un tremor social rematou coa fortaleza de xeito traumático. Os irmandiños non deixaron pedra sobre pedra, tal era a xenreira que sentían por este símbolo da opresión feudal. Pero a época das Irmandades tamén supuxo a fin do mundo que o castelo representaba. Trala pacificación do Reino de Galicia polos Reis Católicos, aquel tempo de bispos guerreiros e loitas entre concellos e señores pasou á historia.

E Unha vaga lembranza quedáballes aos máis vellos e ás máis vellas do lugar. A comezos do século XVI un litixio pola propiedade dos castelos pertencentes á mitra compostelá fixo que os escribáns e notarios do tempo puxesen por escrito as declaracións de octo e nonaxenarios que viran cos propios ollos o castelo da

Rocha Forte en todo o seu esplendor. Este preito coñécese co nome de Tavera-Fonsecae trata da reclamación do arcebispo Juan Tavera ao seu predecesor Afonso de Fonseca III polo lamentable estado dos castelos pertencentes á mitra compostelá. Así nas probanzas recolléronse as declaracións de 183 persoas, datadas entre 1526 e 1527, verbo dos sesenta anos anteriores á destrución das fortalezas. Este é o principal

documento que temos para reconstruír a forma do castelo da Rocha Forte antes da súa toma polos irmandiños en 1466–67.

E Pero como todos sabemos, a memoria é selectiva e o paso do tempo acaba por mitificar ou idealizar os recordos. Por iso é importante contrastar a información contida neses documentos coa realidade que amosa a arqueoloxía. Neste sentido, a escavación arqueolóxica de 2013 veu ampliar notablemente o noso coñecemento sobre o castelo da Rocha como forma arquitectónica.

Santiago, ano 1300. A Baixa Idade Media é unha das etapas máis escuras e menos estudadas da historia da cidade e da Terrade Santiago. A etapa que foi definida, e en boa medida sentenciada, por López Ferreiro como os séculos da decadencia, foi famosa polas convulsas circunstancias históricas que arrodearon o castelo da Rocha e que supuxeron aparentemente o estancamento da puxante actividade construtiva desenvolvida ao longo do s. XII e a primeira metade do XIII. Esta idea de decadencia viuse reforzada na historiografía pola aínda máis estendida de crise baixomedieval. Non entraremos aquí nun problema que nos excede as forzas, pero quixeramos sinalar algúns feitos que poñen en cuestión a idea de decadencia compostelá.

E En primeiro lugar, o santuario de Santiago asistiu á maior expansión da peregrinación, co aumento xeral de peregrinos de todas as procedencias, pero cunha especial incidencia daqueles do norte de Europa que chegaban polo mar. A peregrinaxe medra tamén na súa definición social, que incluírá dende pobres até a máis alta nobreza e tamén, nalgún caso, a realeza, pasando por todos os estratos intermedios da sociedade do momento, cunha significativa presenza de comerciantes.


E En segundo lugar, o peso do arcebispo compostelán consolídase e mesmo reforza dentro do reino, cunha destacada participación na política do momento, aínda que isto supoña padecer tamén os efectos das complexas circunstancias que afectan a monarquía castelán-leonesa nese período.

E Por último, aínda que a situación económica está necesitada de estudos, convén lembrar o peso que en todo momento mantivo o señorío

de Santiago, a pesar das adversas coxunturas que se sucederán ao longo do século, así como a riqueza que traía a peregrinaxe á cidade e ao santuario. Estas circunstancias explican tanto que o arcebispo se convirta nalgún momento no sostén económico do monarca como a riqueza que semella acadar a burguesía compostelá. En definitiva, dende un punto de vista histórico amplo non podemos falar estritamente de decadencia, senón de consolidación da herdanza recibida, e mesmo nalgún aspecto de verdadeiro avance. Se falásenos de crise habería que ligala a circunstancias, coxunturas ou aspectos concretos, máis do que ao período no seu conxunto.

E E cando se menciona a decadencia en referencia á Igrexa compostelá semella máis o final dunha etapa expansiva, plasmada especialmente na construción da catedral románica, do que unha recesión propiamente dita. Pero mesmo no aspecto construtivo non está claro que esta decadencia exista. En primeiro lugar, a penas se conservan na catedral restos visibles desta época, e aquilo que queda é dunha entidade menor dentro das manifestacións artísticas do momento, apreciación que pareceu estenderse á visión xeral da contribución da catedral á arte. A arqueoloxía matizou en parte esta situación (restos do antigo claustro medieval, escultura funeraria e outros) pero non o suficiente. As fontes escritas tampouco melloran substancialmente o panorama, pois as referencias ás intervencións efectuadas nesa época son breves, dispersas e, en moitos casos tamén confusas, como manifesta, por exemplo, o problema das distintas torres que se constrúen daquela na catedral, e que resultan difíciles de identificar e localizar.

E A destrución total do castelo da Rocha e a desaparición doutras fortalezas da mitra abundan tamén nesa falta de información, agora de novo arqueolóxica, respecto non xa da cidade senón de toda a Terra de Santiago na Baixa Idade Media. Tanto no ámbito historiográfico, coma no arqueolóxico, enfrontámonos a un tratamento escasamente des-



Páxina do Tombo B. A ilustración da marxe é unha representación da fortaleza da Rocha Forte. Arquivo da Catedral de Santiago.

envolvido para esta etapa. É unha empresa inédita en Galicia afrontar arqueoloxicamente un período concreto da Idade Media. Compostela é paradigma desa situación, e as actuais intervencións no castelo da Rocha un intento de superala.

A máis grande e máis forte fortaleza de todo o Reino de Galicia. Como xa dixemos, tanto as testemuñas ofrecidas no preito Tavera-Fonseca como os restos materiais hoxe visibles remítennos tan só á fase final da existencia da fortaleza, pero non á súa configuración orixinal ou á que puido acadar co decorrer dos tempos. Antes de definir e explicar esa evolución debemos reparar no aspecto da fortaleza tal e como hoxe a empezamos a coñecer.

E Ergueito contra a década de 1240 polo arcebispo Xoán Arias, o castelo da Rocha foi dende a súa orixe concibido como baluarte pero tamén como residencia do bispo compostelán. Os castelos, o elemento principal da articulación económico-social dos tempos medievais, eran o símbolo do poder señorial e unha ferramenta ao servizo dos intereses da nobreza. Mais a situación do estudo dos castelos no seu rol económico e social é, no caso galego, de baleiro case total. Xa só no preito Tavera-Fonseca recóllense ao redor de cen fortalezas ou torres; ademais, o coñecemento que se ten delas é parcial, pois mesmo nos escasos exemplos coñecidos carecemos da publicación exhaustiva de todos os traballos realizados.

E Mais se collemos unha área concreta, de lindes ben determinados e dimensións suficientes, como é a península do Morrazo, pódemos ver a evolución do castelo en Galicia a través das súas formas máis significativas. Reparemos en primeiro lugar na fortaleza do monte do Liboreiro, que está situada sobre un antigo castro. É o exemplo de fortalezas de gran valor xeoestratéxico e gran dificultade de acceso. Nelas, o castelo está formado por dous circuítos sucesivos de valados rectos con recantos arredondados que conflúen no punto máis elevado, a antiga coroa do castro, onde é presumible que existise algo parecido a unha torre. Atendendo os materiais atopados, é moi antigo (finais do s. IX), pero de vida breve: ata principios do s. XI. A súa función era a defensa ou control dun territorio amplo, e as dimensións dalgunhas destas fortalezas fai pensar na súa plurifuncionalidade, incluída a residencial. Trátase da



Principais camiños e fortalezas medievais.

primeira etapa de encastelamento en Galicia, que tivo lugar entre os séculos IX e XI.

E En segundo lugar, reparemos no castelo de Darbo, que presenta algunhas semellanzas co anterior: tamén escolle preferentemente lugares elevados onde houbo castros e segue a xogar un importante rol estratéxico. Mais atópase a menos altitude e ten un acceso máis sinxelo, dous trazos que o poñen nun contacto máis intenso e inmediato coas terras circundantes. A súa configuración defínea o rochedo granítico onde asenta, e cronoloxicamente son enclaves de longa duración, pois arrincan no s. XI e perduran ata fins da Idade Media.

E A este segundo modelo hai que remitir boa parte das fortalezas galegas que hoxe coñecemos e que presentan características semellantes.

Por exemplo, nelas o rochedo de granito en que apousan emprégase para definir de forma natural espazos, cuartos e zonas do castelo, así como para servir de alicerces. No construtivo, están formados por recintos de dimensións variables, con predominio da liña recta, e cunha torre de planta cuadrangular no interior. Os recintos serían espazos de uso diverso, mentres que a torre é o ámbito doméstico dos señores. Ao longo da súa existencia vanse facendo máis grandes e de arquitectura máis complexa.

E Unha importante serie destas fortalezas, como a das Torres do Oeste, a da Lanzada, a de Cedofeita ou a de Pontesampaio entre outras, incríbense nun sistema defensivo artellado pola mitra compostelá para contrarrestar a piratería normanda e sarracena que infestaba a costa galega entre os séculos X e XII.

E Un terceiro exemplo representaría a Torre de Meira. Xa non está no cume, senón nun saínte na aba da montaña, a baixa altitude e con boas defensas naturais. Non domina un gran territorio,




Vista da barbacá.

mais controla un rico val, o que tamén parece indicar unha relación diferente co ecosistema humano que o arrodea. A súa configuración resulta bastante sinxela: unha torre cuadrangular e dúas liñas de defensa concéntricas que definen espazos reducidos, proporcionais ás dimensións do conxunto. As orixes da torre de Meira non poden ir alén de finais do s. XII, e aparece citada no preito Tavera-Fonseca.

E Este é un modelo de castelo señorial laico, de marco territorial máis restrinxido, que se desen-

Planta do xacemento da Rocha Forte



volve fundamentalmente a partir dos séculos centrais da Idade Media (XII–XIII). Así son as torres–fortaleza que se constrúen nas zonas baixas dos vales. Neste modelo o importante é a torre, mentres que o recinto, en xeral de pequenas dimensións, pasa a ocupar un papel subordinado. Esta característica acentúase conforme avancemos no tempo, ao desligarse xa en plena Idade Media a torre da fortaleza, e converterse nunha construción de carácter estritamente agrícola na función e na forma.



Sobre estas liñas, óbolo de Afonso X.
Debaixo, capitel de estilo gótico atopado
na Rocha Forte.



E Na Rocha estamos diante da confluencia dos dous últimos grupos. Xorde como unha casa forte señorial, por volta de mediados do s. XIII, pero o seu papel no conxunto de fortalezas da mitra compostelá fai que acade maiores dimensións e se axeite ás grandes fortalezas señoriais. A súa función vai alén do control do ámbito rural inmediato para, como veremos ao longo destas páxinas, xogar un papel xeoestratéxico no control e defensa da cidade de Santiago e dos seus accesos. A arquitectura responderá a esa complexidade que lles atribuíamos aos grandes castelos señoriais. Entre as súas novidades están as características

da arquitectura militar peninsular e europea, na transición do castelo románico ao gótico.

As orixes do castelo. Velaí un dos principais problemas da Rocha. Os datos respecto da construción do castelo son escasos, indirectos e mesmo confusos. Mais semella existir consenso na investigación sobre a atribución da fortaleza da Rocha ao arcebispo Xoán Arias. Diso falan documentos posteriores, pero sobre todo existen textos coetáneos que mencionan unha residencia arcebispal na Rocha. Pero o castelo que manda facer Xoán Arias é o mesmo destruído dous séculos despois polos Irmandiños?

E A diferenza doutros arcebispos posteriores, Xoán Arias non contou (que se saiba) con cronistas que testemuñasen as súas accións de goberno. Polo tanto, é bastante complexo reconstruír a fisionomía orixinal do castelo da Rocha. As escavacións forneceron poucas estruturas e




pezas que se poidan adscribir á segunda metade do s. XIII, agás un alxibe con escada de acceso, algunhas moedas de Afonso X O Sabio e un capitel (tedes as moedas e o capitel á vosa esquerda). Xoán Arias promoveu abondosas obras, como o proxecto inacabado de catedral gótica ou a reforma do refectorio de Xelmírez. Para iso contou con arquitectos de orixe francesa, como Pedro Beneth, introdutores da arte gótica en Galicia. Dende o punto de vista da Historia da Arte o castelo da Rocha amosa o conflito entre a tradición románica galega e a innovación que trouxo o gótico. De feito, A Rocha Forte pode ser considerado coma un dos grandes castelos góticos da Península Ibérica.

E Xoán Arias rematara nese tempo a catedral, recentemente consagrada, co engadido de edificios complementarios, o claustro e o pazo episcopal, así como dunha nova cabeceira que, respondendo aos cambios estilísticos e culturais do paso ao gótico, substituíse a cabeceira románica. En definitiva, todo o contorno da catedral era un amplo e complexo obradoiro de derruba e construción de edificios, co que o arcebispo e o clero catedralicio carecían momentaneamente de residencia. Tampouco había un espazo debidamente acondicionado para a celebración das reunións capitulares. A necesidade dunha alternativa houbo de ser o papel inicial da Rocha.

E A elección dunha localización estratéxica e dunha arquitectura militar vencellaríase con necesidades de carácter fiscal e político, sen a carga de conflitos de tempos posteriores. As obras de Xoán Arias na catedral non fan pensar en preocupacións militares. As relacións do arcebispos burgueses e cidadáns semellan nese tempo pacíficas; por iso é dúbido que Arias construíse unha fortificación como a Rocha tal e como chegou aos nosos días.

E A arqueoloxía tampouco resolve definitivamente o problema. Nos restos conservados non aparecen indicios de construcións que apunten a etapas diferenciadas na Rocha, nin sequera a modificacións substanciais na fortificación ao longo da súa existencia. A presenza de moedas da época de Afonso X permite pensar que o castelo foi unha obra sero-día no arcebispado de Xoán Arias, contra 1258–1266.

E O castelo-residencia da Rocha houbo ter elementos civís que facían máis cómodas as estancias militares: a torre da homenaxe dotada de lareiras e cociñas, salóns pacegos, servizos hixiénicos, capelas ou detalles ornamentais, como os merlóns, perpiaños con volutas e molduras e capiteis aparecidos nas escavacións arqueolóxicas.



Sobre estas liñas, comparativa entre as plantas do castelo da Rocha Forte (en vermello) e as dos castelos de Beaumaris (superposto co anterior), Saint George d'Esperanche (abaixo-esquerda) e Caerphilly (abaixo dereita).

O castelo concéntrico. En 1317 o papa Xoán XXII, que por aquela residía en Aviñón inicia un proceso de centralización administrativa e nomea o superior dominico francés Berenguel de Landoira como arcebispo de Compostela. Por aquela os burgueses da vila procuraban escapar do control feudal da Igrexa e converterse en cidade de reguengo. Para iso contan co apoio de Afonso Suárez de Deza, tenente das fortalezas arcebispaís, e do infante don Filipe. É o inicio da revolta compostelá de 1317-20. Berenguel non pode entrar na cidade erguida en armas e pasa temporadas no castelo da Rocha Forte e en Pontevedra.

E A fin da revolta ten lugar de xeito sanguinario, o 16 de setembro de 1320, entremuros da fortaleza. Homes do arcebispo asasinan a Afonso Suárez de Deza e outros once líderes e restitúen o señorío arcebispal na cidade de Compostela. Todo este proceso político, con idas e vindas, parlamentos e ruptura de treguas reflite perfectamente o enfrontamento entre os poderes feudais. A experiencia serviu para que Berenguel de Landoira se convencesse do papel estratéxico do castelo da Rocha Forte e reconstruíuno e reforzouno para asentar o seu poder na contorna. Be-

renguel potencia a arquitectura militar e ofrécelle unha nova configuración, seguindo as tendencias máis innovadoras na Europa do momento.

E Así, A Rocha Forte é a versión local dun tipo de fortaleza coñecida como castelo concéntrico, deseñado polos cruzados franceses para o control do territorio conquerido en Terra Santa. Seguindo este modelo, A Rocha Forte incorpora e potencia elementos defensivos como as cercas concéntricas ou a liza e a división de espazo entre os muros.



E A reforma de Berenguel de Landoira no s. XIV deulle ao castelo a forma que se lle recoñece hoxendía: un monumental recinto con nove torres e un número aínda por definir de cercas exteriores. Entre elas a documentación refire a existencia de todo un complexo de casas e casais, como se dunha pequena vila se tratase.



Marcas e cuñeiras de canteiro.

E Ese castelo tiña unha planta cadrada duns 3500m² con catro torres circulares de perpiaño nas esquinas. A entrada, que miraba cara ao oeste, estaba reforzada por outras dúas torres. Dende o interior do castelo, unhas escaleiras condúcennos a unha pequena estancia subterránea, abovedada, pegada ao lenzo sur da muralla. Ao fondo das escaleiras que lle dan acceso atopamos un antigo portón de arco de medio punto que, na actualidade, se atopa tapiado. Nesta estancia, aínda se conserva parte do paramento das paredes, tamén coñecido como revoque. Preto da torre sudoeste, atopamos tamén un pozo de forma rectangular e un sistema hidráulico de evacuación de augas. A arqueoloxía permitiu documentar tamén os alicerces da torre de homenaxe que coroaba o castelo e o sistema defensivo conformado por unha impresionante cerca interna, a liza (intervalo libre de construcións) e a barbacá. A liza foi empregada como vertedoiro, de aí que nela se recollese abondoso material arqueolóxico.

E Sucesivas reformas adaptaron o castelo ás novas necesidades defensivas provocadas pola irrupción da artillería. A barbacá protexe a cerca

interna para minguar o impacto dos proxectís de pedra (pelouros) que agora inzan o predio do castelo.

E O predio elixido para erguer a fortaleza fórmalo un conxunto de penedos graníticos, desbastados a eito polos canteiros. As recentes escavacións descubriron grilleiras ou cuñeiras para cortar a pena, que falan do inxente labor de facer unha cha para erguer o centro físico e simbólico do recinto militar: a torre da homenaxe.


A torre da homenaxe. De forma cuadrangular, con muros de 12 m de largo e situada no centro da fortaleza, a torre da homenaxe constituía o seu núcleo e peza clave, tanto funcional como simbólico. Hoxe a torre está totalmente arrasada ata a súa cimentación, e só é posible recoñecela pola pegada na rocha sobre a que se asentaba e a presenza dalgúns poucos perpiaños que conformarían o arrinque das desaparecidas paredes. Os datos fornecidos polas escavacións non permiten máis ca sinalar a súa localización e dimensións, pero non nos falan das súas características.

E No suroeste conservouse unha sorte de bancada con tres socalcos de pedra, estrutura que sen dúbida monumentalizaba aínda máis a edificación. Na parede noroeste atopáronse uns muros de suxeición do que puido ser o acceso ao interior da torre, á que non se entraba a nivel do chan, senón a unha certa altura, algo moi común nos castelos da época. A escavación arqueolóxica amosou como os irmandiños derrubaron a torre dende o pé, a rentes do chan. Restos de cinza nun esquinall recordan o método empregado tanto polos Irmandiños como polos canteiros para esborrallar as paredes. Non se conservan restos de piso pavimentado no baixo.



E As testemuñas do preito Tavera–Fonseca fan dunha torre cadrada de grandes dimensións feita con perpiaño de granito, concertada con argamasa de cal e area, que tiña catro niveis, todos eles cubertos mediante bóveda, o que lle daría unha gran altura:

Saben que a fortaleza da Rocha Forte, a carón da cidade de Santiago, no tempo e sazón en que o dito patriarca foi arcebispo, e aínda moito tempo antes, estaba erguida e moi ben edificada todo de cantería de pedra de gra coa súa mestura de cal e argamasa, que era a máis grande e máis forte fortaleza de todo o Reino de Galicia, e que había nela unha torre de homenaxe de catro bóvedas e paredes moi grosas, con tres valados e encintos ao redor (...) Sobre a Rocha Forte dixo que no tempo en que o devandito patriarca era arcebispo de Santiago vira a fortaleza da Rocha Forte ergueita, antes de que a derrubasen, pois estivo dentro dela unha vez e daquela tiña unha casa alta que ao parecer da testemuña tiña tres sobrados e outras torres, e que non lembra qué tantas eran, e que vira así mesmo que tiña tres valados ao redor...



Sobre estas liñas, dimensións da torre da homenaxe en alzado (hipótese) comparadas coas humanas.

Abaixo (nesta páxina e na anterior), alicerces da torre da homenaxe.



E Se ben semella que as testemuñas do preito Tavera–Fonsecaesaxeraban un chisco —e a parede moi cumprida, que no vagantío antes das fiestras caberían dez homes—, os restos arquitectónicos amosan unha estrutura formidable realizada en cantería de calidade, con muros de 2.30 m de espesor. Nalgunhas zonas a cimentación asenta sobre entullo con argamasa e xabre.

De arriba a abaixo: castelos de Monforte, Pambre e Nogueirosa. Fotografías de Jorge Pais (Monforte e Pambre) e Basilio Padín publicadas en CommonsWikipedia.



E De como serían os catro sobrados da torre da homenaxe pouco sabemos, agás restos illados como tellas da cuberta, cravos das trabes ou elementos ornamentais como capiteis ou anacos de arquivoltas. Para facérmonos unha idea tridimensional de como sería contamos coas torres de homenaxe do castelo de Monforte de Lemos, A Nogueirosa (Pontedeume) ou Pambre (Palas de Rei).



E As escasas representacións gráficas en que parece identificarse a fortaleza constatan a pesar da súa simplicidade que a altura da torre superaba claramente a dos recintos que a rodeaban, pero tamén o sobredimensionada que estaba con respecto ao conxunto do castelo. Unha desas representacións aparece nas marxes do Tombo B, un volume de 371 documentos diferentes que van do s. IX ao XV e que recollen privilexios, propiedades e exencións á catedral de Santiago. Na representación das marxes aprézase un remate superior da torre voado sobre o corpo da mesma, unha especie de balcón corrido con orificios na plataforma, chamados matacáns, dende os que se podía ver e atacar os inimigos, e un muro frontal rematado por ameas. Se, pola contra, damos crédito á figuración que aparece na portada do Tombo B, os matacáns situaríanse nas paredes laterais



da torre, á altura do seu penúltimo piso, mentras que o remate aparece

simplemente ameado. Nesta representación aprézanse merlóns de remate triangular, constatados polos achados nas recentes escavacións.

E Sabemos tamén que as paredes exteriores estaban encaladas, o que servía non só para combater pestes e enfermidades pola súa condición desinfectante senón para aumentar tamén o impacto visual da edificación. A disposición dos tres recintos murados concéntricos convertían a edificación en practicamente inexpugnable.

Fortificacións externas. A torre estaba circundada e protexida por un forte recinto amurallado, de forma cadrada e torres circulares nos ángulos. O recinto tamén presentaba torres rectangulares no centro de tres dos seus lados, pois no cuarto, cara ao noroeste, ficaba a entrada principal ao castelo. Tanto as torres como a muralla houberon de ter seteiras nas paredes e merlóns no remate superior, e por detrás deles correría o camiño da rolda.

E Algunhas testemuñas do preito Tavera-Fonseca fan referencia á existencia doutras dúas cercas que arrodearían concentricamente a primeira, pero a arqueoloxía só nos permitiu constatar a existencia dun segundo valado que contornaría o anterior reproducíndoo, pero agora cun muro máis baixo. Trátase do que se coñece como barbacá, e a súa función era protexer o recinto interior dos ataques da artillería e dificultar o acceso ao interior.

E Porén, e atendendo os materiais arqueolóxicos que atopamos nos recheos da liza, o nome do espazo baleiro que queda entre esta barbacá e a muralla interior, e tamén polas características construtivas da muralla, a barbacá parece ser un engadido da última época do castelo. Habería pois que atribuílo ás consecuencias do asedio de 1458 e á intervención de Afonso de Fonseca I, administrador da diocese en 1461, continuada polo seu sobriño e sucesor, Afonso de Fonseca II. Esta intervención sería pois anterior á destrución do castelo na revolta irmandiña de 1467.



Fragments de arcos con decoración vexetal.

E Con respecto ao terceiro recinto, o máis exterior, podemos pensar na existencia dun muro simple de pedra ou mesmo de terra, do que non se conservaría ren, e que podería arrodear total ou parcialmente o conxunto da fortaleza.

A capela Unha das edificacións da fortaleza, segundo as testemuñas do preito Tavera–Fonseca, era unha capela dedicada a Santa Eufemia. Pero alí non se nos di a súa localización precisa, nin as súas características, e só se menciona a súa relación cunha das torres que reforzaban os muros do castelo. Iso si, nesta capela de Santa Eufemia sitúan os *Gesta Berengarii* a don Berenguel de Landoira no episodio que lle pon fin á revolta compostelá de 1317–20: o acoitelamento dos líderes da revolta dentro da Rocha Forte cando ían negociar a paz co prelado. A arqueoloxía tamén nos ofrece indicios da súa existencia, a través de restos construtivos, fragmentos de columnas ou unha pia de auga bendita.

E A capela houbérona de construír os mesmos canteiros que estaban a traballar no claustro da catedral ou no novo pazo arcebispal en tempos de Xoán Arias, a mediados do s. XIII. Así, formaría parte xa da primeira construción feita na Rocha, algo lóxico se atendemos o carácter sinaladamente residencial desa primeira fortaleza e a chamada do arcebispo ós coengos da catedral para que a compartisen con el, o que suporía actividades de carácter relixioso no edificio.

E Máis problemas presenta polo de agora a localización do templo dentro do conxunto arquitectónico da Rocha. A referencia a unha torre non é unha definitiva pois podería indicar dúas situacións distintas. Unha, que a capela estivese na mesma torre, como sinala unha das testemuñas do preito. Esta posibilidade non é allea ás fortificacións medievais, e dela hai tradición na mesma Compostela, onde, moitos anos antes, o bispo Cresconio construíra novas torres no primitivo recinto fortificado do Locus Sanctus Iacobi e nelas dispuxera capelas.

E A outra posibilidade é que a capela tivese edificio de seu, como indica outra das testemuñas do preito. Nese caso poderíamos pensar que estaría preto da torre, mesmo quizais acaroadada parcialmente a ela, e que este feito distinguiría esta das outras torres do recinto interior da

fortaleza. Un exemplo desta colocación atópamolo noutra fortaleza da mitra compostelá: as Torres do Oeste.

E Non podemos descartar aínda unha terceira opción, que é que a capela tivese nun primeiro edificio de seu, acorde ás necesidades dunha residencia arcebispal con funcións de pazo e de centro administrativo territorial e eclesiástico, e que logo, en consoancia co carácter máis militar da fortaleza, a capela se desmontase e levase para o interior dunha das torres, o que liberaría a contorna da torre da homenaxe, e melloraría a mobilidade interna e a defensa da propia torre.

E Os datos para resolver o enigma da capela da Rocha son aínda demasiado escasos. Mais as pegadas que deixou na rocha unha construción situada ao norte e en paralelo á torre da homenaxe apuntarían cara a un templo acaroado a ese lado da torre, coa cabeceira cara ao leste e os pés cara ao oeste, como era a disposición obrigada dos templos cristiáns, e ao mesmo tempo accesible dende a torre, o que lles facilitaría ao arcebispo e aos seus cregos ir ata ela sen pasar polo exterior.


O celeiro. Este é un elemento aínda menos coñecido que a capela: só temos algunhas mencións da súa existencia, e arqueoloxicamente resulta difícil de diferenciar pola posible simpleza da súa arquitectura. O celeiro era porén fundamental tanto pola súa función recadatoria como para a sobrevivencia do castelo. Funcionalmente, serviría para gardar os pagamentos en especie dos servos e mais os impostos polo tránsito cara a Compostela: en tempo de conflito o celeiro da Rocha sería unha maneira de ter ben agochadas parte das riquezas arcebispais. Pero é que ademais servía para alimentar os ocupantes e manter as necesarias reservas para as épocas de conflito, posibilidade que se fixo realidade durante os distintos asedios que sufriu a Rocha.

Outras construcións. Non menos vital era dispor de auga en todo momento e de xeito autónomo con respecto ao exterior, tanto de auga potable como para usar en caso de incendio, que era unha das fórmulas máis empregadas para derrubar un castelo. No caso da Rocha contamos cun pozo e un alxibe que, situado contra da muralla no ángulo suroeste, presenta unha complexa e coidada arquitectura, acorde coa súa importancia.

E Ainda existen outras dependencias das que temos noticias, ás veces directas, outras indirectas, como as cortes dos cabalos, comprensible tendo en conta as súas funcións bélicas e domésticas. Ao que parece as cortes estaban nun dos lados do patio de armas, situadas entre a torre da homenaxe e a porta de entrada á fortaleza.

E Nesa zona habían de estar tamén as dependencias para os soldados acuartelados no castelo e os que acudirían de reforzo en tempo de conflito. Esta área incluíría unha cociña e un comedor, aínda que daquela, no ámbito militar, o espazo de xantar non necesitaba de moitos requirimentos, fóra do comedor para o señor do castelo e os seus convidados, que estaría dentro da torre.

E Tamén probablemente existiría un forno e, como é visible nos restos, un entramado de canalizacións que servía para o desaugue de residuais e da choiva co obxectivo de manter a habitabilidade e, en menor medida, a salubridade do interior da fortaleza.





Un dos esqueletos humanos atopados no castelo;
neste caso, achouse debaixo dun pelouro.

A FUNCIÓN

O castelo da Rocha Forte ergueuse cunha función clara: o dominio señorial do territorio. A súa localización a poucos quilómetros da sé apostólica outorgoulle o papel de residencia arcebispal de urxencia en momentos de crise, onde facerlle fronte á agresión ou oposición da burguesía compostelá. A Rocha Forte cumpría este cometido, pero era tamén centro de control administrativo, portádegos, lugar para o pagamento de impostos pola entrada de mercadorías en Compostela, así como vixilancia dos camiños cara aos portos de Padrón e Noia.

E A multifuncionalidade desta arquitectura monumental está fóra de toda dúbida. Agora ben, por riba de todo era unha impresionante instalación militar concibida como escenario defensivo para a guerra. E ao longo dos seus dous séculos de historia a Rocha Forte foi campo de batalla para dirimir os conflitos sociopolíticos da época baixomedieval. A guerra e a súa evolución técnica axudarannos a comprender a forma e a función desta arquitectura.

A Rocha como campo de batalla. O castelo da Rocha Forte é un caso único en Europa. A maior parte das fortalezas medievais en contextos periurbanos, ou desapareceron totalmente, ou foron reutilizadas, ou sufriron rehabilitacións historicistas en época contemporánea. Porén, A Rocha Forte quedou fosilizada inmediatamente despois da destrución irmandiña.

E Tamén, poucas fortalezas europeas coma esta permiten dar a coñecer como era unha guerra de asedio no s. XV. A Rocha Forte fainos ver a extrema violencia que se agocha tralos centos de proxectís de pedra que se recuperaron dentro do castelo. Esta abraiante concentración de pelouros é unha marca distintiva da fortaleza. Entre os restos, os arqueólogos exhumaron ata o de agora tres esqueletos, un deles cuberto quizá por azar por un dos pelouros que servían como proxectís.

E Despois de anos sen mencións á súa existencia, A Rocha vai xogar un papel protagonista cos acontecementos que envolven a chegada do arcebispo de orixe francesa Berenguel de Landoira. Un persoeiro singular nomeado para a sé compostelá polo papa Xoán XXII, a figura de Berenguel de Landoira xa era relevante na cristiandade polo seu papel como

teólogo na disputa entre o papa e a orde franciscana sobre a pobreza de Cristo e pola súa participación no Concilio de Vienne (1311–1312), cando se decidiu a supresión da Orde dos Templarios. Berenguel chega a Galicia en 1317, canda asesores e tropas propias, coas que imporá o seu poder e levará a cabo modificacións na administración militar do seu feudo.

E A Rocha Forte brillará nesa época como a principal fortaleza do arcebispado de Santiago, no tempo en que se produce o seu primeiro asedio e intento de destrución. Quizais por mor dese primeiro asedio se leve a cabo a trascendental transformación da antiga casa forte de Xoán Arias nunha verdadeira fortaleza militar. Ata a chegada de Berenguel falábase do pazo arcebispal da Rocha, o que significa que seguía a predominar o carácter residencial da súa orixe. E foi ese pazo o que foi asediado e destruído polos cidadáns composteláns que se opuxeron á ordenación de Berenguel. Estes acontecementos, que transcorren entre 1317 e 1320, coñecemos con certo detalle grazas a crónica do bispado de Berenguel, as *Gesta Berengari de Landoria*, e que como é de esperar, ofrecen unha visión moi pouco obxectiva dos feitos.

E O importante para a Rocha é que as *Gesta Berengari* nos permiten saber cómo funcionaba o castelo. Así, no tirapuxa entre o arcebispo e os cidadáns, aprendemos que esa guerra se baseaba principalmente no asedio a enclaves fortificados, ben sexan cidades ou vilas, ben sexan fortalezas ou torres. A guerra neses tempos refugaba as batallas a campo aberto, e aínda que existiron e tiveron importancia, non foron a fórmula principal de dirimírense as disputas. No conflito compostelán de 1317 unhas veces é o arcebispo quen cerca a cidade e outras son os cidadáns os que asedian o castelo do arcebispo. A posición estratéxica da Rocha permitía enviar tropas ou polo val do Sarela cara ao flanco oriental da cidade, outras polo val do Sar, cara ao flanco occidental. Na revolta de 1317 constátase a vocación de control da cidade que tiña a fortaleza, e cómo podía dominar os principais accesos a Compostela: os camiños comerciais de Padrón e Noia, por onde chegaban os recursos mariños, produtos do campo e o comercio a longa distancia.

E A loita medieval tampouco se baseaba no combate corpo a corpo, por máis que a literatura cabaleiresca o idealizase. O primordial era a

conquista dos enclaves fortificados, a destrución das defensas, o derru-
bo de torres e o acceso ao interior das prazas fortes. Aí aparece o uso
das máquinas de guerra: catapultas ou trabucos para lanzar pelouros de
pedra cos que fender as murallas do castelo, ou para responder dende
el e romper o cerco a que está sometido. Estas máquinas de guerra
tiñan un poder moitas veces disuasorio, polo que a súa presenza xa
levaba en ocasións a que os defensores entregasen o castelo sen opor
resistencia.

E Aínda hai outro enxeño militar usado nos asedios e do que tamén
temos constancia na Rocha: a torre de asedio ou bastida, unha torre
movible feita de madeira coa que poder chegar á altura das murallas e
acceder ao interior das fortalezas.

E Outro elemento clave nos enfrontamentos medievais é a negociación,
á que Berenguel e os seus adversarios acceden en repetidas ocasións,
sen moito éxito. Ás veces estas negociacións agochan o engano como
arma, pois a captura do adversario é o obxectivo último. O episodio final
do levantamento de 1317, onde se executou a Alonso Suárez de Deza e
os outros líderes do levantamento, pertencía a este grupo de negocia-
cións enganosas e tivo o castelo da Rocha como escenario.

E Despois deste episodio a Rocha comeza o que semella a súa etapa
de esplendor como castelo, cando exerce o papel de cabeceira militar
da Terra de Santiago e como proxección exterior da catedral-fortaleza
de Santiago, a verdadeira cabeza eclesiástica, administrativa e militar
do señorío dos arcebispos de Compostela. Na Rocha reuníranse as tro-
pas do arcebispo antes de marchar para á fronte, nas varias veces que
o fagan ao longo do s. XIV.

E Na Rocha o arcebispo convértese materialmente en cabaleiro, no
señor militar que sae á fronte das súas tropas, por máis que esa enco-
menda lle corresponda ao xefe militar do señorío, o pertegueiro maior
de Santiago, cargo que recaía nun persoeiro da máis alta nobreza, como
o caso do infante Filipe no tempo de Berenguel de Landoira.

E Esta esixencia de pompa obrigou a converter a vella residencia seño-
rial fortificada nun verdadeiro castelo que reflectise na súa arquitectura

o poder, pero tamén a solemnidade do vigairo do Apóstolo na terra, que por eses momentos empezaba a ser representado cada vez máis a miúdo como cabaleiro, como soldado de Cristo. O Santiago-cabaleiro ten como reflexo o arcebispo-cabaleiro, e o arcebispo-cabaleiro terá como espello, pero tamén como soporte ideolóxico, a figura do Apóstolo-cabaleiro. O xogo de imaxes necesitará no castelo da Rocha da súa expresión arquitectónica. De aí a grandiosidade da torre da homenaxe e a complexidade estrutural e calidade construtiva da muralla que a arrodea.



Puntas de seta. © Museo das Peregrinacións de Santiago.

E A pesar desta intensa vida, a arqueoloxía non nos define e data claramente os importantes cambios que viviu o castelo. Sabemos, iso si, que se lle engadiu a barbacá, ese muro baixo en pendente para anular o efecto dos proxectís de pedra, e elemento máis propio do s. XIV que non do XIII. E sabemos grazas a detalles menores coma os capiteis de columnas ou as tracerías dos arcos das fiestras da torre, que se fixeron importantes remodelacións góticas no interior das estancias da torre ou nas dependencias anexas.

E O papel do castelo intensificouse nos tempos da guerra civil castelá, entre 1366 e 1369, e cara a fins do século. A esa contenda está directamente asociado o asasinato do arcebispo Sueiro Gómez de Toledo: partidario de Henrique de Trastámara, refuxiárase na Rocha, mentres que en Compostela se xuntaban os cidadáns partidarios de Pedro I. O

arcebispo Sueiro é asasinado cando se achega a Compostela procedente precisamente da Rocha.

E O castelo foi sitiado en dúas ocasións. En 1458 a Irmandade formada por burgueses de Compostela, Muros e Noia, apoiada polo conde de Trastámara, Pedro Álvarez Osorio, cercou A Rocha Forte como medida de presión contra o arcebispo Rodrigo de Luna, que se atopaba na campaña bélica contra o reino de Granada. As fontes escritas contan cómo se despregou todo un acampamento militar para o cerco, e que

se combatía cada día a fortaleza. Mesmo el-Rei Henrique IV ordeou os sitiadores que descerquedes o castelo e fortaleza e vos levantades e vaiades logo de alí ás vosas terras e casas e lugares de onde saídes, e que non a combatades nin voltedes máis a ela.

E A arqueoloxía constata, non só nas estruturas arquitectónicas descubertas senón tamén a través do conxunto de obxectos atopados, ese predominio da condición militar da Rocha. O que máis chama a atención é a cantidade inxente de proxectís de catapulta ou trabuco que se espallan polo xacemento arqueolóxico, pero eses pelouros correspóndense unicamente cos ataques finais dos Irmandiños contra a fortaleza. Tamén houbo armamento de artillería activado con pólvora, sobre todo bombardas e falconetes. Estes trebellos, desenvolvidos polos árabes no sur da Península no s. XIV, espalláronse a comezos do s. XV para darlle mobilidade á artillería e que puidese acompañar os exércitos. As operacións de carga e puntería destes canóns primitivos eran moi complexas, polo que só se acadaban oitos disparos ao día como máximo. Estas pezas eran de tiro rasante e empregáronse para derrubar as murallas do castelo. Aínda que tiñan un alcance duns 1.500m, eran realmente efectivos a distancias entre 100 e 200 m de distancia. O peso dos pelouros de pedra vai dos 150 kg ata os 5 kg, o que nos remitiría ao uso tamén de pasavolantes e bombardetas.

E Os sitiadores empregaron as catapultas para guindar pedras, lume e animais mortos e así propagar a peste no interior do castelo. Pero ademais usaron bombardas trabuqueiras, pezas de cana máis curta e tiro parabólico, que conseguían botar o proxectil para dentro da fortaleza, e que se inventaran precisamente a mediados do s. XV. A gran cantidade de pelouros atopados na Rocha fálannos dun asedio intensivo no que choveron centos e centos de proxectís, probablemente amoreados posteriormente algúns deles para empregalos en tarefas defensivas ou para reutilizalos como material construtivo.

E Non se ven a simple vista, mais tamén abundan no rexistro e falan do decorrer da vida no castelo, as puntas de frecha, besta ou lanza, os coitelos, e mesmo algunha espada. As puntas de besta sinalan a importancia destas armas na defensa do castelo, ata o punto de que o arcebispo compostelán contaba entre os seus oficiais cun artesán especifi-

camente dedicado á súa elaboración e mantemento: o besteiro. Entre os artesáns figuraba tamén un mestre armeiro, que era o encargado de facer e reparar as armas e armaduras do arcebispo e das súas tropas. O mestre armeiro gozaba dunha consideración moi especial e mesmo podían traer de fóra, como foi o caso do do arcebispo Lope de Mendoza: ao cabo, era o encargado de vestir o arcebispo como cabaleiro, con coiraza, elmo e espada.

E As puntas de frecha e os dardos son o armamento máis exhumado nas intervencións arqueolóxicas en asentamentos fortificados europeos da Baixa Idade Media. O seu poder era letal, ata o punto de que o papa prohibiu o seu uso nas guerras entres cristiáns por consideralo un trebello diabólico.


E As bestas usábaas tradicionalmente a infantería, o extracto social máis baixo do exército. Malia ter mellor alcance, potencia e efectividade có arco, presentaba un potente inconveniente: as bestas eran moi lentas de cargar, xa que para tensar a corda ás veces cumpría empregar os pés. Nese momento, o soldado que manexaba a besta, igualmente chamado besteiro, era paradoxalmente un albo perfecto.

E Os proxectís da Rocha Forte foron tanto disparados polos sitiadores como polos defensores. Aínda que non apareceron restos de fiestras seteiras nos derrubos dos muros, o máis probable é que este tipo de pequenas fiestras inzasen os paramentos murarios das cercas do castelo, como se apreza noutras fortalezas da época.

E Estas armas na vangarda da súa época convivían con outras máis básicas e primitivas. Así, atacantes e defensores a miúdo botaban man de coios, que tamén se recolleron a oito nas escavacións. Estes asedios eran unha guerra total: nos ataques, neboeiros de fume e po cubrían o ceo, os cabalos e as mulas rinchaban, as bestas e setas zunían e, de


Croios usados
como proxectís.





Representación hipotética do asedio ao castelo, cunha liña de defensa concéntrica ao castelo e outra aberta, erguida polos asediadores, trala que se apostan as bombardas e o campamento (cadrado cruzado). Nos puntos elevados colócanse as catapultas.

Na franxa inferior, distintas armas e o seu alcance.



cando en cando, estouraba o bruar terrorífico das bombardas, impoñéndose ao laio dos feridos e ao berro dos soldados adoecidos co pánico, a excitación e o medo.

E Mais ao cabo a revolta Irmandiña acabou por derrubar este símbolo do poder feudal eclesiástico en 1467. A destrución non rematou neste ano. Tempo despois, o arcebispo decidiu aproveitar os perpiaños e levalos ao castelo do Pico Sacro. Este expolio da pedra, dirixido polo canteiro mestre da catedral, foi sistemático. Só se conservan os perpiaños que estaban baixo o nivel do solo e xa no s. XVII a penas quedaban restos visibles en superficie.

E Pero o castelo da Rocha Forte era algo máis ca un establecemento militar e un centro administrativo e fiscal. Tamén era o símbolo do poder político do arcebispado de Santiago nos séculos XIII e XIV. Este é o verdadeiro sentido dunha arquitectura monumental sen comparación na Galicia do momento.

A Rocha como escenografía do poder. O tecido de castelos que inzaba o territorio feudal do arcebispo de Compostela respondía a un mesmo modelo de implantación na paisaxe. As fortalezas asentábanse en puntos estratéxicos para o control efectivo das vías de comunicación e dos labregos e burgueses.

E Neste panorama, o castelo da Rocha Forte comparte certa semellanza coa outra grande fortaleza urbana da mitra: as Torres Arcebispaís de Pontevedra. As Torres, un castelo insertado na muralla da vila, atopábase de costas ao espazo urbano. Un profundo foxo separaba o poder político do señor feudal dos anseos de liberdade política da burguesía subordinada da Boa Vila. Nestas torres atopou refuxio Berenguel de Landoira durante a revolta compostelá, acabado de chegar a Galicia. E aínda que a catedral amurallada de Compostela é o equivalente en Santiago das torres arcebispaís pontevedresas, o castelo da Rocha Forte era o verdadeiro vixía da cidade, unha escenografía que acadaría cada vez máis importancia trala reforma e ampliación de Berenguel de Landoira no s. XIV.

E Foi nesa época cando comezamos a ter datos documentais sobre os xestores da fortaleza, os casteleiros ou tenentes, nobres afectos nos que o arcebispo delegaba o poder político, a función pública do señorío. Este trasfondo simbólico da fortaleza como clave da opresión feudal maniféstase na revolta irmandiña e nos testemuños do preito Tavera-Fonseca, como aquel que afirma que o verdadeiro sentido do castelo era subxugar a cidade de Santiago.

E Como símbolo do poder, o castelo-residencia da Rocha Forte era unha ferramenta arquitectónica para lembrar no día a día quen gobernaba vidas e facendas. As escavacións arqueolóxicas for-neceron materiais que falan da suntuosidade do edificio. Gran parte do sitio arqueolóxico da Rocha Forte cubríano as pedras procedentes das torres e murallas do castelo. Neste impresionante derru-bo espárese polo chan perpiaños de granito, pelouros de artillería e algunhas pezas de pedra esculpidas a cicel, con cadansúa historia e función: merlóns, basas de columnas, fustes decorados, anacos de celosías, capiteis, fragmentos de arquivolta, pináculos con decoración vexetal... probas evidentes do grande investimento realizado para en-nobrecer os aposentos desta residencia de alto-standing para a época.



Anverso e reverso da pía de auga bieita..

E Mais hai unha peza que remite ao papel da Rocha Forte como centro simbólico dun poder feudal que non era laico, senón relixioso. Estamos a falar do anaco de pía de auga bieita que vedes na fotografía. O seu uso continuado no tempo amósase na cara interna, desgastada e puída pola auga.

E Este castelo-pazoera un símbolo do poder arcebispal, mais tamén un exemplo dos novos tempos que vivía a nobreza. Esta elite aristocrática residía en estancias onde se controlaba estritamente o acceso. A diferenza do espazo comunal, multifuncional, que definía a vivenda do campesiñado, fortalezas como A Rocha Forte amosan a vixencia de ideas comúns a nós como a intimidade, a privacidade ou o uso diferenciado dos cuartos. O castelo obedece a un modelo arquitectónico concéntrico, con tres recintos murados que se van sucedendo dende o exterior (o espazo máis público) cara ao interior (o espazo máis privado).

E A importante presenza de moeda de Henrique II e dos seus sucesores, en especial Henrique III, apuntan a un especial dinamismo do castelo no derradeiro terzo do s. XIV. Neste tempo quizá teñan lugar melloras nos interiores e na decoración do castelo, en paralelo a obras semellantes que daquela se facían na catedral, como reflexan as similitudes nos restos arquitectónicos conservados.



E Fronte a eses trazos do carácter residencial da Rocha, non debemos esquecer que era un castelo, e que os castelos sempre resultaron incómodos para vivir. Unha condición que a penas melloraban os de grandes dimensións e que só se tentou corrixir nas fortalezas-pazo de fins da Idade Media, que marcan a desaparición dos castelos e a súa substitución polos coñecidos pazos galegos.

E Nese sentido o uso residencial da Rocha Forte estaba mediatizado polo feito de que o arcebispo tiña como residencia principal o pazo arcebispal en Compostela, e as súas estadias na Rocha, anque importantes, eran ocasionais. Só podemos considerar habitantes permanentes o casteleiro e a súa familia, os criados, e un continxente de tropa suficiente para a defensa da fortaleza, que aumentaría en tempos de conflito.

A relación coa Catedral de Santiago. Logo do bispado de Arias comezan a aparecer informacións sobre traballos na Catedral para erguer

construcións defensivas no contorno do santuario. Estas intervencións comezan con Rodrigo de Padrón, pero acentúanse especialmente con Berenguel de Landoira e proxéctanse ao longo do s. XIV coas obras dos arcebispos Gómez Manrique e García Manrique. As informacións recollidas nas fontes e na perspectiva que adoptou a historiografía ao respecto ofrecen a impresión de intervencións puntuais e dispersas no tempo.

Arriba, restos de vidreira, probablemente da capela de Santa Eufemia.

Abaixo, pechadura. © Museo das Peregrinacións de Santiago.

E Por outra banda, as achegas da arqueoloxía son aínda limitadas á hora de afrontar estas intervencións. As escavacións permitíronnos coñecer importantes aspectos do claustro medieval que, aínda que obra de Xoán Arias e datable a mediados do s. XIII, recibe destacados e pouco coñecidos engadidos no s. XIV.

E Tamén nos informa a arqueoloxía das importantes obras que acomete Berenguel de Landoira no contorno catedralicio e que parecen ter como fin o mellor funcionamento das estruturas defensivas en construción: o derrubo do pazo de Rodrigo de Padrón, na rúa da Acibechería, ou a menos coñecida reestruturación da rúa de Valadares, no flanco meridional do claustro catedralicio.

E Con todo, se atendemos as fontes documentais a modificación do aspecto externo da catedral debeuse fundamentalmente a Berenguel de Landoira, pois é baixo as súas ordes cando se integrará o santuario nun complexo edificio maior de carácter militar, que inclúe tamén o claustro e os pazos arcebispaís, ademais dun grupo de construcións defensivas situadas entre a fachada oeste do santuario e a porta da cidade máis próxima da catedral.

E Pero a intervención de Berenguel non só é de importantísimas dimensións. Ademais dota os edificios dun verdadeiro carácter ofensivo ou de defensa activa: unha serie de torres estratexicamente situadas, control do perímetro inmediato e reforzo da súa posición con respecto ao exterior. Berenguel transforma a catedral nun verdadeiro alcázar, acorde coa imaxe que adquire nestes tempos a figura do arcebispo de Santiago.

E O arcebispo aparece agora como señor da Terra de Santiago, e por tanto o principal señor feudal de Galicia e un dos máis importantes do reino. Por iso dispón da súa propia residencia fortificada alí onde radica o seu poder. Esta imaxe complétase co carácter de arcebispos-guerreiros que tiveron algúns dos prelados composteláns, que dirixiron campañas militares contra os seus inimigos e acompañaron o rei nas súas. A construción do alcázar compostelán non é, por outra banda, un feito illado, senón xeral, e vese noutras catedrais do momento, como a de Tui. Estas

novas catedrais responden á mudanza que se estaba a producir da fortaleza románica á gótica, da defensa pasiva á activa.

E Nestas épocas construíronse torres defensivas na catedral. A chamada Torre do Anxo, por exemplo, sabemos dela por testemuñas escritas e atribúena algúns autores a Berenguel. Estaba situada no ángulo oeste da antiga fachada norte, tal e como aparece aínda nalgún gravado do s. XVII, e carecemos de datos precisos sobre o seu aspecto. Unha segunda torre houbo de estar na parte leste da fachada de Praterías, e así se recolle nun gravado do s. XVII. Unha recente intervención no subsolo do claustro catedralicio deixa ver o que puido chegar a ser unha das paredes da parte inferior desa torre. Só podemos apuntar que, máis baixa cá Torre do Anxo, debía estar integrada no claustro medieval, concretamente na súa cruxía oriental, e é posible que se atopase nela o tesouro e a capela funeraria dos arcebispos.



De arriba abaixo, real de Xoán I de Portugal; branca de Henrique III de Castela; cuartillo de Xoán II de Castela; marabedí preto de Afonso X o Sabio. Anversos (e) e reversos (d).

E A última torre da que temos evidencias arqueolóxicas construírona os arcebispos Gómez Manrique e García Manrique. Os restos atopados corresponden á parte inferior dunha gran torre que incluía na súa base unha capela funeraria, e que estaba situada no lado norte do patio do claustro da catedral. Concibida para conter unha nova sala capitular, polas súas dimensións e pola posición central no conxunto fortificado tratábase da verdadeira torre da homenaxe da catedral.

E A fortaleza que estamos definindo non se acababa no ámbito estritamente relixioso (santuario e claustro), senón que incluía tamén o pazo arcebispal. Obra de Xoán Arias no s. XIII, é un dos edificios menos coñecidos do patrimonio arquitectónico medieval compostelán. Para el construíu unha torre Berenguel de Landoira, no tempo que edificaban no santuario, o que nos fai entender que o pazo pasara a formar parte da nova entidade definidora que sería o alcázar, na que convivían espazos relixiosos e civís.


E Completaban a fortaleza de Berenguel unhas estruturas defensivas dispostas diante da faciana occidental da catedral e en conexión cunha das entradas da muralla: a porta da Trindade. Será a chamada Torre da Praza, onde se situaba o cárcere e da que temos novas polo papel que xogou posteriormente nos conflitos sociais de mediados do s. XV e pola súa inclusión na documentación do preito Tavera-Fonseca: obra de dúas ou tres brazas (...) con ameas, cuberta e tellada. Era de pedra de cantería como agora esta, e de argamasa moi rexa (...). E na torre da Praza puñan os presos de crime e na outra sobre a porta da Trindade os cregos e facían un corredor por riba do muro que ía dunha torre á outra.

E Unha verdadeira fortaleza que incluía no seu interior a catedral, o cabido e o arcebispo, pero tamén a torre señorial e o cárcere, o alcaide e as súas tropas. Así se entenden os comentarios dalgúns peregrinos que pasaron por Compostela. Sebastián Ilung, por exemplo, que realiza a súa viaxe en 1446, di que se se dispuxese de moitas provisións ningún podería aínda hoxe conquistar a edificación de tan sólida que estaba fortificada.

E A Rocha, o mar e o comercio. Evidentemente o castelo da Rocha non é un castelo marítimo. Así e todo, a fortaleza non se pode entender sen a súa estreita conexión coas Rías Baixas. A mitra compostelá ergueu este monumento para defender os seus intereses políticos con respecto ao Concello santiagués, pero tamén para rendibilizar os seus beneficios económicos. A Rocha Forte sitúase nunha encrucillada da circulación por terra cara ao sur (Camiño Portugués) e cara ao oeste. Noia, Padrón, Rianxo e Pontevedra constituían o porto de entrada dos produtos que viñan por mar, tanto peixe e marisco das rías como mercadorías de prestixio procedentes do mar do Norte e do Mediterráneo.

E Esta orientación económica da mitra compostelá cara ao mar constátana a arqueoloxía e os documentos. Entre as ruínas hai vertedoiros onde se mesturan anacos de tella, ósos de animais e restos de moluscos. O equipo arqueolóxico envioulle á Universidade de León unha mostra destes restos para a súa análise por especialistas en arqueomalacoloxía (ciencia que estuda os restos antigos de moluscos) e ictiofauna (peixes). No tocante aos moluscos, a especie mellor representada é a ostra, se-

guida de lonxe pola ameixa fina e a ameixa babosa, así coma o mexillón. Por outra banda, os restos de peixe son basicamente de pescada e congro).



Centros vertebrais de pescada (arriba) e congro (abaixo). © Laboratorio de Arqueomalacología, Universidade de León.

E Tanto a pescada coma o congro son dúas especies de grande importancia na Idade Media. Pola súa vez, as fontes escritas testemuñan a súa presenza tamén na cidade de Compostela. Segundo o folio 87 do Tombo Vermello de Don Lope de Mendoza, o Castelo da Rocha tiña os dereitos sobre certas mercadorías mariñas que pasasen pola cidade de Santiago, como a pescada, a sardiña, o congro e o peixe fresco que, segundo semella, chegaría dende Rianxo.

E A enseada de Rianxo, controlada polo arcebispo dende o Castelo da Lúa, era a zona ostreira por excelencia de Galicia. Este mar de Rianxo quedou fosilizado nas ostras que se empregaron nas xuntas dos perpiaños do Castelo da Rocha, seguindo una técnica construtiva que se mantivo durante séculos. Ademais, un último detalle arqueolóxico permite coñecer outra realidade. O tamaño das vértebras de pescada identificadas no castelo da Rocha é moito menor cós restos documentados en asentamentos da costa cantábrica habitados na mesma época. Este dato pode indicar un menor tamaño da pescada na costa atlántica así coma una pesca levada a cabo en zonas máis preto da costa.



E Unha das rotas que puido seguir o peixe dende a costa até Compostela sería ascendendo o río Ulla, navegable naquel entón, e onde está situado o castelo do Oeste, onde tamén se teñen documentados restos de peixe en escavacións arqueolóxicas. Tanto na Rocha coma en Catoira rexistrouse algo nimio pero moi interesante: vértebras precaudais de pescada. Sabemos que nos s. XIV e XV se comezaran a eliminar estas vértebras para a elaboración de salgado e secado da pescada. Polo tanto, a aparición destas vértebras é unha evidencia clara do comercio de pescadas frescas (non manipuladas). O peixe fresco no cas-




Restos de ameixa fina e ameixa babosa (arriba), e valvas de ostra (abaixo). © Laboratorio de Arqueomalacología, Universidade de León.



Principais vias comerciais terrestres e marítimas medievais.

telo da Rocha amosa una dieta alimenticia que non estaba ao alcance da xente do común. Era un produto de luxo que consumía a elite social con poder adquisitivo: o alcaide da fortaleza da Rocha ou o arcebispo e o seu séquito.



Vista del castillo de Rianxo tomada desde tierra.

Castelo da Lúa, Rianxo. Gravado extraído dun artigo de J. R. Figueroa, Museo de las familias. Lecturas agradables e instructivas. Madrid, 1850, posteriormente reproducido en El barbero Municipal, 15 de marzo de 1913, Rianxo.

E Pero polo mar non só chegaban alimentos cobizados, senón tamén ideas, persoas e mercadorías de luxo. As escavacións arqueolóxicas no Castelo achegan evidencias materiais dun importante comercio a longa distancia. Na época baixomedieval, as Rías Baixas e Altas galegas eran o epicentro do comercio entre o Atlántico e o Mediterráneo.

As industrias pesqueiras galegas tiñan contactos con centros mercantís da Coroa de Aragón, nomeadamente co porto de Valencia. Durante o traxecto, os barcos galegos facían escalas en portos como Sevilla. Neses portos, os galegos vendían a súa mercadoría de pesca e salgado e mercaban outra serie de obxectos de luxo de difícil adquisición en Galicia, como a vaixela decorada de Manises e Paterna, da que falaremos logo.

A vida cotiá a través dos obxectos. Este libro debería estar inzado de historias persoais, dos homes, mulleres e nenos que habitaron algún día o castelo da Rocha Forte. A tarefa non é doada. Os documentos unicamente falan de reis, arcebispos, tenentes, líderes burgueses ou labregos que actúan como testemuñas en preitos. A letra escrita daquela está ao servizo do poder feudal. Os cronistas manipulan e menten, e así nas Gesta de Berenguel de Landoira, preséntano coma o infalible defensor da causa do Apóstolo en contra do diaño encarnado nas reivindicacións do desleal pobo de Compostela. A historia sempre a escriben os vencedores.

E Ante este panorama, como dicía Bieito Vicetto, só nos queda a achega materialista da arqueoloxía. As escavacións até o momento só forneceron evidencias moi parciais do esqueleto de tres individuos. Meses de traballo no laboratorio permitiránlle (ou non) a especialistas en antropoloxía definir o sexo, a idade, o estado de saúde... Fóra disto, non contamos cunha visión directa das persoas que procuramos. Nalgunha tella vemos a marca dos dedos que sucaron o barro aínda fresco... e pouco máis.

E Unicamente nos queda investigar as historias que se agochan detrás dos obxectos exhumados nas escavacións. Porque os obxectos tamén teñen unha vida social: nacen, medran, reproducense, morren, desaparecen, son reutilizados en novos contextos, e son recuperados do fondo da terra cando se pensaba que desapareceran para sempre. Como podedes comprender, atopar as persoas detrás dos obxectos é unha tarefa complexa, pero apaixonante. Velaquí tedes uns trazos sobre ese pequeno observatorio da sociedade baixomedieval galega que foi o castelo da Rocha Forte.

A bolsa e a vida. Naquela altura Galicia contaba coa moeda do reino castelán-leonés, que tiña na Coruña unha das súas cecas máis destacadadas. Non é estraño pois que cando atopamos moeda desta época predomine a coruñesa, canda outras, como a de Burgos, que tiñan especial relevancia dentro do reino. Menor incidencia houbo de ter a ceca de Santiago, de xeito ocasional e breve durante o complexo reinado de Henrique II (1368–1379) e por mor da ocupación da Coruña por Fernando I de Portugal. Fernando I tivo unha segunda ceca en Galicia, tamén de vida breve, en Milmanda (Ourense), pero da que temos maior presenza nos achados monetarios galegos que das moi escasas pezas compostelás. Malia a ceca coruñesa e a afluencia de moeda doutras partes do reino, aparentemente non había moeda castelá abonda para cubrir as necesidades existentes, e de aí que sexa abondosa a presenza e uso da moeda foránea.

E No caso da Rocha destaca un conxunto de brancas do rei Henrique III (1390–1406), moedas que valían medio marabedí. Estas moedas levan no anverso a representación esquematizada dun castelo con tres torres ameadas, e un león no reverso, os emblemas dos reinos de Castela e de

León. Unha delas amosa un burato de devaluación, boa mostra da mala situación da economía do momento. Estas moedas foron acuñadas en Cuenca, Toledo, Sevilla e na vila de reguengo da Coruña, que tiña por símbolo unha vieira. Unha das moedas atopadas na Rocha, un cruzado de Henrique II permite a hipótese de que a fortaleza da Rocha servise ocasionalmente de acollida á ceca existente en Compostela en tempos dese monarca.

E En canto á moeda foránea, temos que falar da presenza de moeda portuguesa en Galicia, un feito frecuente na Baixa Idade Media. Deseste xeito sucedeu en Compostela e na Rocha, onde se atoparon dúas pezas atribuídas a Xoán I de Portugal. Como exemplos das relacións económicas só temos que lembrar os importantes intereses que a mitra compostelá tiña en Portugal ou o fluxo de artesáns, obras de arte ou materias primas.

E Mención especial merece o ceitil de Afonso V, pois sinala os inicios da introdución masiva de pezas de cobre para uso corrente. Esa moeda de cobre e de baixo valor coincide co reinado dese monarca (1438–81), e leva o nome da daquela cidade portuguesa de Ceuta, se ben foi cuñada nas cecas reais de Lisboa e Porto. Moi frecuentes nos rexistros arqueolóxicos dacabalo entre os s. XV e XVI, os ceitís adoito se achan en moi mal estado de conservación e resulta complexo atribuílos a un monarca ou a unha ceca determinada. Outra achega externa ao reino é a da moeda aragonesa, da que aínda non se atoparon exemplos no castelo da Rocha.

E A presenza de moeda foránea tamén se pode explicar en parte polo papel de Santiago como centro de peregrinaxe para toda Europa que, segundo os trocadores composteláns, traían tantos diñeiros de prata e de ouro que non eran coñecidos. Os máis destes eran acuñacións francesas, dominio que nos s. XIV e XV tende a matizarse. A Rocha é un bo exemplo disto, pois non se atopou ningunha acuñación desa orixe. A razón deste enfraquecemento da moeda francesa áchase en boa medida, como apuntan as pezas atopadas na Rocha, no reforzamento da política monetaria do reino castelán-leonés, especialmente a partir do s. XIII ou a xa sinalada presenza do numerario portugués.

E Outra fonte importante de moeda para a área de influencia de Compostela eran as divisas de alto valor que dominan os movementos no comercio internacional: o florín aragonés, o nobre inglés, o saúdo anglo-francés, o ducado veneciano, o escudo francés... Da súa presenza carecemos aínda de evidencias na Rocha, pero non é estraño, dado o papel secundario da fortaleza ou a xeral desaparición destas monedas de elevado valor intrínseco, que só se achán nos restos arqueolóxicos en casos excepcionais.

E A fortaleza da Rocha Forte desempeñou un papel sobranceiro como alfândega, portádego e instrumento de control fiscal. O diñeiro recadado para a mitra compostelá gardábase dentro das paredes da fortaleza e as moedas que quedaron da época serven para datar a ocupación do castelo. A máis antiga é un óbolo de Afonso X o Sabio (1252–1284) e a máis moderna un ceitil de Afonso V (1438–81), rei de Portugal.

E Unha moeda atopada na Rocha, un cruzado de Henrique II, semella confirmar a hipótese que sostén que a fortaleza da Rocha serviría durante un tempo de ceca para acuñar moeda real, algo que si se facía en Compostela (de aí, a Rúa da Moeda Vella). Dende logo, a fortaleza era un lugar seguro para acuñar a moeda, o sostén da estrutura política baixo-medieval. Serían estas moedas parte do botín das falcatruadas dos soldados da Rocha? ou o pagamento por ceibar prisioneiros? o froito da extorsión ao campesiñado? ou parte da soldada que se lles pagaba aos profesionais da guerra?



XENTE E OBXECTOS As tres funcións, a residencial, a militar e a económica, definirán a cultura material que a arqueoloxía descubriu entre os restos da fortaleza. A principal, que galvaniza todo o decorrer da vida no castelo, é sen dúbida a militar, pero a súa principal pegada vai a estar vinculada a episodios bélicos concretos. Son polo tanto expresións de peso decisivo na forma e vida do castelo, pero de carácter esporádico.

E A destrución e sobre todo o abandono final do castelo permiten que as evidencias materiais deses episodios, concretamente dos que tiveron lugar cara ao final da existencia do castelo, sexan abondosas. Os innumerables proxectís espaxados polo interior e a contorna do castelo, falan da guerra na Baixa Idade Media, cando esas máquinas, coñecidas da Antigüidade van ter un uso xeneralizado e case constante: o asedio. A resposta dos asediados baseábase tamén no emprego destas máquinas, colocadas nos espazos libres ao redor da torre da homenaxe ou máis fóra, na liza, pero tamén derriba dalgunha torre.

Entre a cociña e a mesa: a louza. Os restos arqueolóxicos permiten albiscar relampos da vida cotiá, como as vaixelas e as moedas, así como algúns obxectos importados como as xerras de Saintonge, no oeste de Francia, expresión dun alto nivel de vida non tanto pola súa calidade senón por estaren estreitamente vencelladas á importación de viños de Bordeos.

E Mais a cerámica dominante en Galicia durante os séculos centrais da Idade Media é moi homoxénea tanto na elaboración como na morfoloxía. Trátase de cerámicas grises, así chamadas pola característica cor das súas paredes, con orixe no s. XI, ademais de escasos recipientes coa decoración pintada en branco, xeralmente sobre fondo vermello ou ocre, e algunha importación de orixe hispano-musulmá. Porén, a finais do s. XIII e, sobre todo, a principios do s. XIV comeza a romperse esa homoxeneidade: o que ata daquela eran matices nunha produción uniforme, pasará a ser no s. XV unha produción alfareira diversificada por razóns xeográficas, funcionais e sociais.

E Ata onde sabemos, as producións dominantes na olería baixomedieval, e que polo tanto substitúen a cerámica gris, son pezas de aspecto tosco e cor escura, con predominio do negro ou do gris escuro, ou pezas que empregan os mesmos vellos esquemas da cerámica gris pero con trazos que indican unha maior variedade na produción. É unha olería vinculada ao ámbito da cociña, como evidencia a frecuencia de restos de feluxe adheridos á superficie, e indicadores dunha diferenciación funcional: almacenaxe, cociña, servizo de mesa ou obxecto de luxo.

E Outras producións destacadas neste momento non se caracterizan pola cor, senón pola dureza e textura. Son a aproximación ao gres que fan os oleiros locais: torneado tosco, irregularidade nas superficies, pequenas bochas e furados, acabamentos simples, sen decoración, e predominio das cores grises aínda que combinadas con ocre e rubios. Este é un tipo de olería ata o de agora pouco coñecido, pero que comeza a ser cada vez máis frecuente en xacementos dos s. XIV e XV, cando menos na bisbarra de Compostela. Evidencia un avance técnico con fornos que permitían coccións a temperaturas elevadas, o que melloraba a consistencia dos potes e cacharros.

E Ao lado de producións que intentan mellorar a calidade da olería local, atopamos outras que coinciden nas formas desta etapa, pero que están realizadas en arxilas pouco consistentes, con materia prima local que non sempre é a máis axeitada pero si é a máis barata. Esta nova variante debe estar vinculada a un mundo rural ou periurbano con escaso poder adquisitivo.

Na mesa do señor: as vaixelas de luxo. O consumo de cerámicas importadas comezou cando menos a finais do s. XIII, aínda que podería ser que houbera anteriormente olería hispanomusulmá, como si se ten rexistrado en zonas limítrofes a Galicia. Si é seguro que son pezas do sur de Inglaterra e noroeste de Francia as primeiras que chegan de lonxe a contextos urbanos galegos e, en menor medida, a algunha fortaleza rural. É esta unha olería de morfoloxía variada, sobre todo xerras, ás veces de bo tamaño, con pastas decantadas, boa cocción e ademais cuberta exterior vidrada en verde, pero tamén da cor do mel ou mesmo con decoración polícroma. Por outra parte, presentaban adoito unha in-

tensa decoración plástica e xogos de formas que denotan unha preocupación estética que contrasta coa monotonía e simpleza das producións locais. Esta olería norteeuropea áchase adoito nos contextos arqueolóxicos composteláns, especialmente na contorna da catedral, ou nos relacionados coa mitra compostelá.

E Ás cerámicas vidradas hai que engadirille, sobre todo cara a finais do s. XV e cara adiante, a presenza de pezas en gres que viñan de novo do noroeste de Francia e quizabes tamén da Renania. Ata agora só se atoparon con seguridade no conxunto urbano compostelán e son normalmente xerras de tamaño medio, pero tamén algúns outros recipientes máis pequenos e moi coidados.

E A louza mudéxar en Galicia empeza a detectarse xa no s. XIV, especialmente contra o seu remate. Trátase de cerámicas decoradas en azul e dourado procedentes das olerías de Paterna e Manises. Tampouco se pode descartar a presenza de produtos dos alfares hispanomusulmáns serodios que inspiraron os levantinos, pero serían en todo caso fabas contadas. Porén, no s. XV si constatamos o apoxeo da louza mudéxar en Galicia. O repertorio destas pezas de Paterna e de Manises, malia ser abondoso, resulta pouco variado. Predominan os pratos, escudelas e tarros, xeralmente de tamaño mediano ou pequeno, mais tamén hai algunha copa e algún canequiño para meter especias. Na decoración predominan os temas xeométricos simples pero tamén abundan os motivos vexetais característicos desta olería, así como algunhas inscricións góticas esporádicas do Ave María ou do anagrama IHS (Iesus Humanitas Salvador).



Escudela de louza dourada levantina da primeira metade do s. XV.

E Trátase de pezas relacionadas co enxoval da mesa, que destacan pola calidade estética, aínda que de diversa calidade técnica, e con abondosas imitacións provenientes doutras rexións (catalás, sevillanas ou aragonesas). Esta louza aparece en Compostela en case todas as intervencións que afectan as áreas onde vivían as persoas máis adiñeiradas

(perímetro da Catedral, rúa do Vilar, rúa de Acibechería...) mais tamén nos grandes castelos, como o da Rocha Forte.



Fragmento de pé de copa de vidro. Baixa Idade Media.

Os señores e os cabaleiros. Mais o alférez do arcebispo quedou co pendón só no campo, que era o moi honrado castelán Álvaro Sánchez de Ávila. Cargaban todos os contrarios contra el, mais nunca puideron quitarlle o pendón das mans ata derrocalo e ferilo na cara e nas mans; pero no corpo non o puideron ferir, porque ía moi armado; mais dábanlle tan grandes golpes por riba da armadura, que o facían

enfraquecer, e haberían de matalo por seguro, se non fose o señor Diego de Andrade, que llo sacou das mans, pois non quería soltar o pendón, e levouno para a tenda e mandou que o sandasen e tróuxoo a Pontedeume e sobre a súa fe deixouno vir a Santiago, e porque volveu cando prometera, liberouno sen rescate e mandouno para a casa ceibo. Descripción de Vasco de Aponte da batalla de Altamira (1471).

E Agás polas cerámicas de importación e os restos ornamentais que nos fan da suntuosidade dunha arquitectura patrocinada polos arcebispos, poucos restos temos que se poidan vencellar directamente cos señores feudais. Así e todo, si contamos con datos referidos aos habitantes permanentes da fortaleza. Os arcebispos-guerreiros composteláns tiñan xente fiel que lles facían o traballo suxo, como aniquilar os líderes da revolta compostelá ou defender o castelo.

E Como exemplo desta realidade temos a historia do último tenente da Rocha (1455–1467), o cabaleiro de orixe castelá Álvaro Sánchez de Ávila. Este home é o prototipo de cabaleiro do século XV inmerso nunha guerra total ao servizo do seu señor. Dende o castelo da Rocha dirixiu auténticas razzas e fixo malfeitorías ben documentadas: violacións, secuestros, coaccións e roubos. Foi el quen dirixiu a defensa da fortaleza no cerco de 1458–9, establecido polo bando de Xoana de Castro e Bernal Eanes contra os intereses do arcebispo Rodrigo de Luna. Xa na década de 1460 serviría de igual xeito a Afonso de Fonseca II.

E O cabalo era un ben de prestixio que confería dignidade. Velaí están as representacións do Santiago Apóstolo coma un cabaleiro en batalla. O terceiro estado tiña prohibido montar dacadalo, por exemplo, e as bestas eran sinónimo de nobreza. Os cabaleiros, antes da chegada da pólvora, constituían a forza decisiva nos exércitos dos señores feudais e dos monarcas. Cabaleiros coma Sánchez de Ávila eran o brazo armado da vontade política do arcebispo compostelán. Na batalla de Altamira de 1471 contra os nobres rebeldes, o casteleiro da Rocha e mailo seu cabalo resultaron feridos de gravidade. Mais os cabalos tamén servían para levar a cabo razzias de pillaxe pola contorna do castelo.

E Nas escavacións teñen aparecido ferraduras e obxectos vencellados co coidado e monta dos cabalos, como estribeiras. Durante os asedios á fortaleza, os cabalos eran inútiles dentro do castelo e ademais sufrían as consecuencias dos ataques. Entre elas, non a menos importante, a de que os comesen. De feito téñense atopado restos óseos de cabalo nos verquedoiros da fortaleza. A presenza de dous monumentais alxibes no interior do castelo tamén se ten que vencellar á necesaria subsistencia da cabalería do arcebispo.

E No exército de guerra arcebispal a cabalería era a forza de elite. De aí a súa importancia dentro da propia arquitectura militar do castelo da Rocha Forte. Os testemuños do preito Tavera-Fonseca non deixan lugar a dúbidas sobre a súa importancia:

Había cortes onde collían máis de douscentos cabalos e residencias e edificios de servizo e apousento para máis de douscentos homes e moitos arranchos e municións. (...) E dentro da fortaleza viu unha ermida de advocación a Santa Eufemia que, segundo a testemuña, era de bóveda e tiña un curral grande onde había cortes para os cabalos. (...) Había unha mina que saía da fortaleza ao río por onde levaban a beber os cabalos ao río e ían pola auga.



Ferraduras. © Museo das Peregrinacións de Santiago..

Soldados, artesáns e labregos. Nas guerras non todos morren. Só algúns poñen os mortos. Os esqueletos atopado nas escavacións quizais se correspondas con soldados defensores do castelo. Non son o arcebispo Afonso de Fonseca ou o cabaleiro Sánchez de Ávila. Ambos os dous libraron e pasaron á historia.



Torres de Altamira, Brión. Fotografía de Lansbrica para Wikipedia (licenza GFDL).

E Non se pode dicir o mesmo da xente do común involucrada nestes feitos trágicos. As armas brancas atopadas na Rocha Forte, como espadas, puntas de lanza, puñais e coitelos, así como as setas das bestas, son probas evidentes da fortaleza como campo de batalla. Con todo, non debemos imaxinar os asedios só como episodios de ataque e defensa, senón tamén na vida cotiá, desesperante, que se levaba durante eses meses.

E Un asedio de anos a unha fortaleza como A Rocha daba lugar a moitos tempos mortos. A arqueoloxía permite documentar os pasatempos improvisados polos soldados, xa for nun acampamento romano, na fronte da guerra civil española ou na defensa do castelo da Rocha en 1466. Nas escavacións arqueolóxicas no castelo téñense atopado fichas



Dados de óso.

de xogo que reutilizan anacos cerámicos de fabricación local e mesmo de importación. Tamén se exhumaron dados feitos a navalla en ósos, coma os que vedes na imaxe. Sabemos que Compostela, destino de peregrinos de toda Europa, era tamén un santuario para os tafures e apostadores.

O xogo era unha constante nas fortalezas medievais: en paredes e parladoiros de castelos galegos aparecen gravados decote taboleiros de xogo. Moitos destes entretementos lúdicos chegaron a Europa occidental pola ruta das especias, polas Cruzadas e polas peregrinacións.

E O castelo da Rocha era algo máis ca unha residencia arcebispal. As fontes escritas debuxan a fortaleza coma unha auténtica cidade, na que non só residían o tenente, os soldados e a comitiva do mitrado. Ademais do servizo doméstico tamén traballaban e vivían alí artesáns,

ferreiros, carpinteiros e labregos. O castelo da Rocha non podería subsistir unicamente polo ánimo e sacrificio dos soldados. Durante os asedios resultaba fundamental a contribución daquela xente do común que vivía dentro desa cidade que era a fortaleza.

E O papel xogado por artesáns, labregos e labregas era básico para a subsistencia dos habitantes do castelo. Nas escavacións teñen aparecido instrumentos de traballo, como ciceis, cuñas e mesmo unha zafra de ferreiro. Os ferreiros eran os encargados do mantemento de armas e ferramentas, da fabricación de setas e puntas de frechas, do tempero das espadas. Os canteiros eran quen de labrar novos proxectís de catapulta, arma empregada tamén en tarefas defensivas.

E De por parte, as persoas e os animais dependían dos alimentos que viñan de fóra e tamén da produción propia. Nas guerras de asedio como as que viviron Compostela e o castelo da Rochan esa época, o control deste abastecemento era primordial para contribuír á entrega da praza. Durante os asedios, como o dos Trastámara ou o dos irmandiños, o castelo da Rocha dependía do almacenamento de auga e de alimentos no interior da fortaleza.

E As escavacións amosan evidencias materiais desta actividade de mantemento e subsistencia. Ademais das armas que nos remiten a un mundo dominado pola violencia, no castelo aparecen tamén ferramentas agrarias coma unha moa circular de granito para moer o cereal. Durante o asedio, os habitantes do castelo non podían empregar os muíños hidráulicos situados nos ríos e regatos circundantes, polo que estes muíños móbiles son fundamentais para moer o cereal e facer o pan. Tamén apareceron restos doutras ferramentas como o podón e o fouciño que podedes ver á dereita..



Arriba, fragmento de fouce (esquerda) e de podón (dereita).
Abaixo, pedra de muíño.

As mulleres na Rocha Forte. A da Baixa Idade Media era unha sociedade patriarcal que enaltecía os valores varonís vencellados co mundo da guerra. A excepción das raíñas e donas nobres, ferramentas para a reprodución social da liñaxe (dotes, herdanzas), as mulleres a penas se visibilizan nos documentos e nos restos materiais. Por exemplo, sabemos o nome da primeira muller do tenente da Rocha Sánchez de Ávila. Era María González, filla de Xil Rodríguez Varela, un membro da oligarquía urbana de Compostela e un dos rexedores da cidade. Trala súa morte prematura, o tenente casaría en segundas nupcias con Inés García, outra señora compostelá do mesmo extracto social.

E Inés García debía ser unha muller bastante independente para a época, xa que nos documentos posteriores á morte de Sánchez de Ávila, non aparecen referencias á honra da memoria do seu home. Un estilo lacónico e protocolario preside os textos. A viúva despacha o asunto cunha misa cantada no mosteiro de San Paio de Antealtares: que os monxes do mosteiro sexan obrigados de dicir no mosteiro unha misa cantada pola alma de Álvaro Sánchez, meu home, e van con responso e auga bieita sobre a súa sepultura.

E O tenente da Rocha Forte e a súa dona contaban con casa dentro da cidade de Compostela, na actual rúa da Moeda Vella. Probablemente esa sería a residencia principal da familia do casteleiro, onde viviría alonxada do perigo constante que pairaba sobre A Rocha Forte.

E Nun establecemento militar como A Rocha pode parecer normal que a penas houbese mulleres. Pero as cousas non eran así. Como xa dixemos, as fontes escritas definen o espazo entre a segunda e a terceira cerca do castelo como unha feira, coma unha cidade, con casas e casais. As familias labregas garantían a subsistencia dos habitantes do castelo. As actividades domésticas de mantemento e servizo estaban encomendadas a mulleres. Tamén sabemos da presenza dunha actividade moi vencellada cos soldados, como é a prostitución. Asemade, entre os malos usos levados a cabo pola gornición da Rocha e que serviron de detonante para a revolta irmandiña, coñecemos os casos de secuestros e violacións de rapazas da contorna:

Diego de Prado, criado do alcalde da Rocha, saíu unha vez da fortaleza con outros compañeiros e tomou unha moza da cidade de Santiago e forzouna, cando ela ía ao monte por leña con outras mozas, e levouna á fortaleza e despois tróuxoa e levouna a Padrón, e tívoo no seu poder tres ou catro anos.

A crise. Como nestes comezos do s. XXI, o s. XIV foi tamén unha época de fonda crise económica, debido en parte ás mortes por milleiros que deixou a Peste Negra. No Reino de Castela e León a situación agravouse coa inestabilidade política e a guerra civil que entronizou a dinastía dos Trastámara. A escala local reactivouse o conflito entre arcebispado e Concello compostelán, coa revolta de 1317–20. Esta sublevación fixo triunfar a violencia como mecanismo de resolución de conflitos por riba de calquera outra consideración. E así seguirá até o momento culminante da grande revolta irmandiña de 1466. Como exemplo sirva novamente a traxectoria seguida por Berenguel de Landoira: logo de desfacerse dos sublevados composteláns lanzou os seus homes armados á terra do Deza, e tomou as fortalezas de Ponte Ledesma, Galegos, Férveda e Chapa. Ao ano seguinte acabou tamén co castelo de Felpós, base da actividade do nobre Alvar Sánchez de Ulloa.



Alfinetes.

E Xa que logo, Galicia vive neses dous séculos nun estado de guerra permanente. Os historiadores medievalistas sinalan o carácter periférico dun reino, alonxado dun poder debilitado (a Coroa castelán–leonesa) que tivo que facer continuas concesións á nobreza local para manter a soberanía sobre territorio galaico. A crise económica deulle azos a esta nobreza para facer o que lle petase, e a coroa miraba para outro lado coa escusa de compensar a nobreza polo descenso das rendas impostas aos seus vasallos, perseguidos como estaban pola peste, as malas colleitas, a seca e a violencia xeneralizada.

E A procura dese escaso diñeiro na época da crise atópase no cerne do proceder das tropas da Rocha Forte contras as persoas e as facendas. Velaquí temos unha testemuña que describe un dos múltiples secuestros practicados pola xente do castelo:

Di esa testemuña que así mesmo viu o tal Diego de Prado e outros compañeiros traeren preso un carniceiro veciño da cidade de Santiago, e levárono preto de Padrón e trouxérono ao monte, e a testemuña di que viu como o sacaban da casa e o levaban ao río, e como lle dicían que o afogarían se non lles daba cen dobras, e despois viu que o rescataran por corenta dobras de ouro, que esta testemuña viu como llas pagaban na casa do seu propio pai.

E Noutros casos, os casteleiros apropiábanse de recursos económicos pola crise financeira que demoraba ou suspendía o pagamento das rendas para o sostén da fortaleza. A crise da monarquía de Castela e León, afondada trala morte de Henrique III, deixou Galicia como campo aberto para os que tiñan a forza das armas. Os casteleiros da Rocha foron uns, entre moitos outros, que exerceron ao seu libre albedrío usurpacións e atropelos que sufrían por igual habitantes urbanos e labregos.

E Na conciencia colectiva da inxustiza derivada do bandoleirismo atopamos as orixes ideolóxicas da gran Irmandade de 1466–7. Algunhas testemuñas do preito Tavera–Fonsecason ben claras a este respecto. Así pois, o pedreiro Xoán de Ulla conta:

Que oía dicir ás persoas que andaban nesa Irmandade que era porque a xente común do Reino recibía moitos agravios dos condes, meiriños das fortalezas, porque lles comían a facenda e lles collían e lles mataban as vacas.

Na Rocha Forte confluía outro factor para explicarmos o seu papel como niño de malfeitores: era o punto de partida para expedicións de castigo na loita contra o Concello santiagués. O propio Sánchez de Ávila destacou neste eido, requisando pan, leña e pechando o acceso á cidade a produtos de primeira necesidade. O despotismo deste casteleiro da Rocha ponse de manifesto no testemuño dun excriado seu, Xoán de Espasande: Da fortaleza facíanse moitos males e moinantadas, que forzaban mozas e mulleres casadas e saían a prender e rescatar xentes, e tomaban as vacas e carneiros e touciños dos veciños da terra, e así mesmo as cargas de peixe que viñan aos portos do mar para a cidade de Santiago.

E Estes malos usos foron esgrimidos como casus belli no primeiro sitio da fortaleza da Rocha Forte en 1459. Neste sitio participan, en nome da Irmandade recentemente creada, o conde de Trastámara Pedro Álvarez Osorio, Bernal Eanes de Moscoso, Sueiro Gómez de Soutomaior e Lope Pérez de Mendoza. Segundo o cóengo e historiador López Ferreiro, cercaron a fortaleza e abriron foxos, ergueron valados, montaron trabucos en máquinas para guindar pedras e construíron outros aparatos bélicos. A violencia xera violencia. As razzias dirixidas dende a Rocha Forte convertérona nun verdadeiro campo de batalla que deixou a súa pegada no rexistro arqueolóxico.

E Este precedente anunciaba o que aconteceu finalmente. A situación de violencia sistemática continuou, polo que desta volta se conformou a Grande Irmandade, cunha novidade importante: a participación activa do campesiñado que se uniu á burguesía e á pequena nobreza. O segundo cerco á fortaleza da Rocha Forte foi definitivo: como se indica no preito Tavera-Fonseca, os irmandiños posuírona con paus e derrocárona.

E Quizabes esta sexa a gran lección da Rocha Forte. Malia o monumental despregue tecnolóxico, orgullo dun mundo medieval en transición á modernidade, o castelo caeu diante da carraxe e a desesperación do pobo en armas. Durante dous séculos, a fortaleza foi o símbolo de todo un sistema sociopolítico. Pero tamén foi un xigante con pés de barro, porque o sistema de explotación feudal estaba baseado na coacción, a represión e a inxustiza. E contra a inxustiza nada fixeron barbacás, lizas, bestas e bombardas.

